

cerna

revista galega de ecoloxía e medio ambiente



Verán 2007 • Número 52 • 3 €

**MONTAÑAS • REDE NATURA • O COUREL • CANTEIRAS A CEO ABERTO
CAMBIO CLIMÁTICO • INCENDIOS • BANCO DE TERRAS • PROXECTO POLO MONTE**



Pensa que mundo queres

aforra enerxía

Sé racional,
aforra enerxía

- Elixe lámpadas de baixo consumo
- Usa a calefacción cando sexa realmente necesaria
- Merca aparellos enerxéticamente eficientes
- Apaga os electrodomésticos correctamente
- Utiliza transporte colectivo
- Na túa empresa utiliza tecnoloxía eficiente



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

inega
INSTITUTO
ENERXÉTICO DE GALICIA



LUGO: POLA PROTECCIÓN DOS ESPAZOS SINGULARES



Ramsés Pérez

Roteiro polo Bidueiral de Montederramo, xuño de 2007.

"Por un Courel Vivo" é como se denomina a campaña que desde abril está a levar Adegas-Lugo á cidadanía e aos medios de comunicación. O Courel, territorio de maior biodiversidade e xeodiversidade de Galiza, representa unha icona na defensa dos espazos de elevado valor ambiental, nomeadamente de Rede Natura. Adegas e SOS Courel piden a declaración dun maior territorio da montaña courelá como Parque Natural, no que se inclúan as cuncas dos ríos Lor-Louzara, Selmo, Soldón e Ferreiroño e se busquen alternativas socioeconómicas de desenvolvemento fronte ás actividades incompatíbeis coa conservación. Ademais das Xornadas en Defensa do Courel do pasado 12 de maio en Lugo, nas que se reuniron expertos de todos os eidos e políticos, Adegas impulsou unha campaña de recollida de sinaturas que pretende transcender máis alá das fronteiras galegas. As sinaturas serán dirixidas ao presidente da Xunta de Galiza, Emilio Pérez Touriño, para que o goberno galego destine o orzamento suficiente para establecer na zona un desenvolvemento sustentábel, acorde coas necesidades de conservación, e para facer participe á poboación local na xestión do Parque Natural.

Moi preto do Courel, a Devesa de Escairón (concello de Saviñao) podería converterse nun parque multiaventura

Moi preto do Courel, a Devesa de Escairón (concello de Saviñao) podería converterse nun parque multiaventura, segundo a nova proposta administrativa de creación de produtos turísticos para o entorno dos ríos Miño e Sil na Ribeira Sacra. Adegas solicita, ao amparo da Lei de Conservación da Natureza, que se inclúa esta Devesa dentro dunha figura específica de protección natural e que no Plan de Ordenación Municipal se elabore a catalogación dos espazos naturais cos que conta o concello. Así podería evitarse a proliferación de proxectos "insensatos" en lugares de importancia ambiental ou etnográfica coma as Devesas de Escairón ou de Pena de Marrube, o Campo da Festa de Aiaz ou o Campo da feira de Currelos.

Por outras paraxes emblemáticas discorreron os últimos roteiros de Adegas-Lugo desta tempada. As Illas Cies no Parque Nacional das Illas Atlánticas, a Península de Bezoucos (Mugardos-Ares) no LIC Costa Ártabra, e a ZEPA de Valdoviño, e o roteiro de dous días polo Bidueiral de Montederramo conseguiron achegar centos de persoas aos espazos de Rede Natura. Como tamén o conseguiu a exposición Art Natura en defensa dos espazos protexidos que se instalou no Centro Cultural Uxío Novoneyra de Lugo entre o 21 de maio e o 14 de xuño.

NO ME AS-FALTES O RESPECTO

"Non me as-faltes o respecto" foi a mensaxe que Adegas-Ourense quixo transmitir aos concellos e á Deputación con respecto ao desbalde excesivo de fondos públicos no asfaltado e acondicionamento de pistas previas ás eleccións, a razón dos cales se efectuaron incluso recheos de corredeiras, pistas forestais e camiños de valor histórico e ambiental. As xornadas "Outro mundo é necesario", celebradas o pasado marzo no Edificio Politécnico da cidade das termas, buscaron novas formas de pensar e de actuar arredor da situación ambiental de Galiza, os lumes forestais, Galiza como "colonia enerxética", o Medio Ambiente que debemos de procurar ou a conciencia ambiental da sociedade galega.

No Día Mundial dos Bosques, Adegas-Ourense fixo un chamamento ás autoridades municipais para que coiden as árbores en parques e xardíns públicos, e denunciou a corta de cinco carballos centenarios en Nogueira de Ramuín, cualificada posteriormente polo Servizo de Montes como "decotado brutal".

Un reincidente caso de denuncia é o dos vertidos continuados ao río Barbaña. O último foi localizado á altura do Pavillón Paco Paz, probablemente procedente do concello de San Cibrao das Viñas, sen que se poida obter das autoridades competentes información máis clarificadora. A isto súmase o desbroce de ribeira ao que o concello somete o río en períodos de cría e refuxio animal, sen obter a previa autorización da Confederación Hidrográfica do Norte.

LUGO: POLA PROTECCIÓN DOS ESPAZOS SINGULARES



Ramsés Pérez

Roteiro polo Bidueiral de Montederramo, xuño de 2007.

"Por un Courel Vivo" é como se denomina a campaña que desde abril está a levar Adegas-Lugo á cidadanía e aos medios de comunicación. O Courel, territorio de maior biodiversidade e xeodiversidade de Galiza, representa unha icona na defensa dos espazos de elevado valor ambiental, nomeadamente de Rede Natura. Adegas e SOS Courel piden a declaración dun maior territorio da montaña courelá como Parque Natural, no que se inclúan as cuncas dos ríos Lor-Louzara, Selmo, Soldón e Ferreiroño e se busquen alternativas socioeconómicas de desenvolvemento fronte ás actividades incompatíbeis coa conservación. Ademais das Xornadas en Defensa do Courel do pasado 12 de maio en Lugo, nas que se reuniron expertos de todos os eidos e políticos, Adegas impulsou unha campaña de recollida de sinaturas que pretende transcender máis alá das fronteiras galegas. As sinaturas serán dirixidas ao presidente da Xunta de Galiza, Emilio Pérez Touriño, para que o goberno galego destine o orzamento suficiente para establecer na zona un desenvolvemento sustentábel, acorde coas necesidades de conservación, e para facer participe á poboación local na xestión do Parque Natural.

Moi preto do Courel, a Devesa de Escairón (concello de Saviñao) podería converterse nun parque multiaventura

Moi preto do Courel, a Devesa de Escairón (concello de Saviñao) podería converterse nun parque multiaventura, segundo a nova proposta administrativa de creación de produtos turísticos para o entorno dos ríos Miño e Sil na Ribeira Sacra. Adegas solicita, ao amparo da Lei de Conservación da Natureza, que se inclúa esta Devesa dentro dunha figura específica de protección natural e que no Plan de Ordenación Municipal se elabore a catalogación dos espazos naturais cos que conta o concello. Así podería evitarse a proliferación de proxectos "insensatos" en lugares de importancia ambiental ou etnográfica coma as Devesas de Escairón ou de Pena de Marrube, o Campo da Festa de Aiaz ou o Campo da feira de Currelos.

Por outras paraxes emblemáticas discorreron os últimos roteiros de Adegas-Lugo desta tempada. As Illas Cies no Parque Nacional das Illas Atlánticas, a Península de Bezoucos (Mugardos-Ares) no LIC Costa Ártabra, e a ZEPA de Valdoviño, e o roteiro de dous días polo Bidueiral de Montederramo conseguiron achegar centos de persoas aos espazos de Rede Natura. Como tamén o conseguiu a exposición Art Natura en defensa dos espazos protexidos que se instalou no Centro Cultural Uxío Novoneyra de Lugo entre o 21 de maio e o 14 de xuño.

NO ME AS-FALTES O RESPECTO

"Non me as-faltes o respecto" foi a mensaxe que Adegas-Ourense quixo transmitir aos concellos e á Deputación con respecto ao desbalde excesivo de fondos públicos no asfaltado e acondicionamento de pistas previas ás eleccións, a razón dos cales se efectuaron incluso recheos de corredeiras, pistas forestais e camiños de valor histórico e ambiental. As xornadas "Outro mundo é necesario", celebradas o pasado marzo no Edificio Politécnico da cidade das termas, buscaron novas formas de pensar e de actuar arredor da situación ambiental de Galiza, os lumes forestais, Galiza como "colonia enerxética", o Medio Ambiente que debemos de procurar ou a conciencia ambiental da sociedade galega.

No Día Mundial dos Bosques, Adegas-Ourense fixo un chamamento ás autoridades municipais para que coiden as árbores en parques e xardíns públicos, e denunciou a corta de cinco carballos centenarios en Nogueira de Ramuín, cualificada posteriormente polo Servizo de Montes como "decotado brutal".

Un reincidente caso de denuncia é o dos vertidos continuados ao río Barbaña. O último foi localizado á altura do Pavillón Paco Paz, probablemente procedente do concello de San Cibrao das Viñas, sen que se poida obter das autoridades competentes información máis clarificadora. A isto súmase o desbroce de ribeira ao que o concello somete o río en períodos de cría e refuxio animal, sen obter a previa autorización da Confederación Hidrográfica do Norte.

TRASANCOS: REGANOSA, FEITOS CONSUMADOS

Ferrol converteuse no escenario mediático da loita ambiental e social máis importante dos últimos meses. Desde o primeiro bloqueio do buque *Galicia Spirit* á entrada da ría o 7 de maio, a mobilización social contra a localización da Planta de Gas de Reganosa en Mugardos, manifestouse publicamente en diversas ocasións, acadando o seu punto álxido o 3 de xuño na concentración no Peirao de Curuxeiras e posterior recorrido polas rúas da cidade de 10.000 persoas (segundo o Comité Cidadán de Emerxencia, no que tamén participa AdegA). A actuación desmesurada das forzas de seguridade contra os manifestantes e a detención do patrón maior da Confraria de Ferrol, Bernardo Bastida, e o seu posterior ingreso no cárcere de Teixeira sen dereito a fianza e baixo prisión incondicional (por suposta axitación social), viñeron a reforzar ás reivindicacións do sector marisqueiro e pesqueiro así coma do resto da poboación ferrolá.

O Comité de Emerxencia, no que participan varios colectivos sociais, ecoloxistas, culturais e marisqueiros

reclaman ao goberno galego: o traslado da regasificadora ao porto exterior de Ferrol para minimizar os impactos ambientais e sociais; o cumprimento das leis ambientais e de seguridade; clarificar por parte das institucións públicas a tramitación irregular que realizaron Reganosa e o anterior goberno galego para o establecemento da planta de gas no interior da ría; o acatamento das sentenzas do TSXG que invalidan o Estudo de Impacto Ambiental, actualmente recorridas pola Xunta e Reganosa; e a defensa dos dereitos de seguridade e salubridade da poboación e da ría de Ferrol fronte o apoio a intereses privados a través dos feitos consumados.

Outro dos atentados ecolóxicos é a urbanización de 70 chalés na carballeira máis antiga e mellor conservada da cidade: a Fraga de Menáncaro

Outro dos atentados ecolóxicos é a urbanización de 70 chalés na carballeira máis antiga e mellor conservada da cidade: a Fraga de Menáncaro. Esta actuación foi aprobada recentemente nun Pleno Extraordinario do concello. AdegA considera que este espazo ten a suficiente relevancia ambiental e patrimonial para figurar no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras ou para ser declarado Monumento Natural.



Ramsés Pérez

EN BREVE

Vigo. AdegA denunciou os vertidos ao río Alvedosa de procedencia industrial, que tinguiu as augas do afluente dunha cor amarela, e deu conta do feito á Policía Local e aos membros do Seprona. Estes últimos tardaron 4 horas en presentarse no lugar tras o primeiro aviso e sen o equipo necesario para a toma de mostros.

O Carballiño. AdegA alertou sobre a posíbel localización dunha minicentral no río Cardelle ao seu paso polo concello de Beariz, promovida por Hidroeléctrica de Cardelle S.L. O proxecto, que presenta varias irregularidades segundo o colectivo ecoloxista, afectará a tres afluentes da comarca.

A Coruña. AdegA reclama o fin das queimas incontroladas de residuos, maiormente industriais, nos barrios de Silva de Arriba, Cances e Penamoa. Os veciños e veciñas afectados polos fumes tóxicos procedentes das queimas foron os que avisaron a AdegA despois de que a concellaría de Medio Ambiente e o Seprona amosaran total indiferenza perante o problema e se limitaran a culpabilizar aos moradores dos asentamentos chabolistas.

Compostela. O Sar volve continúa a rexistrar numerosos vertidos. AdegA denunciou vertidos na zona do Paxonal, nas proximidades do Auditorio de Galiza e en Padrón.

Pontevedra. AdegA exige que se depositen en puntos limpos os restos de pneumáticos, cascallos de obra, electrodomésticos, e mesmo vehículos abandonados, atopados no Monte Xiabre por un dispositivo do voluntariado en defensa do monte galego. A marcha anual contra as celulosas, na que tamén participou AdegA, reuniu arredor de 4.000 persoas.

Cerceda. Lignitos de Meirama S.A (Limeisa) leva anos poñendo en risco a saúde ambiental e humana dos veciños de As Encrobas e de A Lousa. Os episodios reiterados de contaminación atmosférica propinados pola actividade de Limeisa no lugar fixeron saltar a mobilización veciñal. AdegA estima necesario que a Administración se posicione ao lado dos afectados e afectadas.

GALIZA NON SE VENDE

No "LIC Complexo Húmido de Corrubedo", en zona de protección de costas, chan rústico de especial protección de espazos e de especial protección dos valores naturais, tivo lugar recentemente o recheo de Serán (Porto do Son). Este feito súmase ás desfeitas que están a sufrir os espazos de Rede Natura do litoral coa conivencia das administracións. Actuacións coma esta non fan estrañar que Galiza sexa a segunda comunidade autónoma do Estado con máis procedementos por infracción ambiental abertos pola Unión Europea entre os anos 2004-2005. Neste último ano Adegas ten denunciado máis de 150

casos de construcións ilegais na costa de A Coruña e Lugo, algúns deles promovidos pola propia Administración, coma o edificio de dominio público da Demarcación de Costas en Valdovíño. Ecosistemas litorais singulares, como as "Dunas de Corna" da Ría de Arousa (entre os concellos de Ribeira e a Póboa do Caramiñal) seguen a estar sometidas todos os veráns á invasión de coches, motos e *quads* que non respectan a fragilidade dos areais, onde se instalan postes de luz, *chiringuitos* e aparcadoiros.

Ante este desleixo, Adegas vén pedindo desde 1995 coherencia e decisión aos

concellos, ao goberno autonómico e á Demarcación de Costas para frear o deterioro do litoral, acelerado pola presión urbanística e o turismo desordenado. Con esa mesma intención, máis de 40 organizacións ecoloxistas galegas convocaron a manifestación contra a degradación do territorio GALIZA NON SE VENDE! do pasado 6 de maio en Compostela. Milleiros de persoas demandaron como medida urxente a elaboración dun Plan Director de Ordenación do Territorio que sexa discutido e consensuado coas organizacións sociais e cos diferentes núcleos de opinión.

MACROPISCIFACTORÍAS: FACTOR MACROCONTAMINANTE

No anterior número de Cerna lanzabamos a nova de que 27 piscifactorías nas bacías de Galiza-Costa carecían de permiso de vertido, algunhas con máis de 15 anos de funcionamento. Agora Adegas vén de comprobar empiricamente a gravidade desta situación. O permiso de vertido é obrigatorio para a concesión da actividade acuícola, previo á licenza municipal. A carencia do mesmo significa que ninguén está a controlar a calidade dos vertidos desas piscifactorías e que estas non están obrigadas a restrinxirse aos límites legais de evacuación para a protección do medio acuático e

da saúde. As augas que proceden do circuito produtivo das naves acuícolas teñen unha elevada carga orgánica, antibióticos e outros produtos químicos usados na limpeza dos tanques e outros procesos. Todo isto é botado ao mar sen ningún tipo de depuración, xa que a maioría das piscifactorías non dispoñen de mecanismos axeitados para tratar os millóns de metros cúbicos de augas contaminadas que producen anualmente.

Para comprobar o nivel de contaminación xerado por estas piscifactorías, Adegas encargou aos departamen-

tos de Química Analítica da USC e Enxeñaría Química da UDC, a análise das augas de vertido da piscifactoría de Quilmas (Carnota). En todos os parámetros medidos, os resultados superaban significativamente os valores máximos permitidos: 10 veces máis do límite legal en fosfatos; 27 veces máis en compostos nitroxenados, 69 veces máis en materia orgánica, 138 veces máis en consumo de oxixeno e en sólidos en suspensión. Adegas cre que as piscifactorías deberían axustarse á normativa e, en caso contrario, deixar de producir.

A PESARES DA LEI POPULAR, NOVAS MINICENTRAIS

A Lei 5/2006 para a Protección, Conservación e Mellora dos Ríos Galegos, nacida dunha iniciativa lexislativa popular en Defensa dos Ríos e aprobada unanimemente polos grupos parlamentarios, xurdiu para mudar radicalmente a situación de sobreexplotación hidroeléctrica á que estaban sometidos os ríos galegos. A pesares desta lei popular e da paralización da tramitación dalgunhas concesións de encoros, seguen aparecendo novos proxectos de aproveitamentos hidroeléctricos en afluentes galegos, algúns deles dentro de espazos de Rede Natura ou de especial valor natural.

É o caso do encoro soterrado de Iberdrola en Parada do Sil, e os proxectos previstos no río Grande (concello de Chandrexa de Queixa), no río Sil (Nogueira de Ramuín), no Camba (Laza), no Deva (Arbo), no Tea (Covelo) e no Verdugo (Pontecaldelas). Todos estes ríos pertencen á bacía Miño-Sil e, polo tanto, dependen da Confederación Hidrográfica do Norte do Ministerio de Medio Ambiente. Adegas entende que esta circunstancia non exime á Xunta de Galiza de salvagardar a integridade dos nosos ríos e dos nosos espazos protexidos. A mensaxe debe ser clara: NON MÁIS MINICENTRAIS NOS NOSOS RÍOS!

HERBICIDA NAS ESTRADAS

As estradas galegas están a vivir un novo episodio de limpeza da súa vexetación con herbicidas tóxicos usados indiscriminadamente. Aínda que a lexislación vixente permite esta práctica, Adegas informou aos responsábeis públicos das consecuencias e problemáticas ambientais derivadas do uso destas substancias.



Ramsés Pérez

DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE

O pasado 5 de xuño, celebrouse o Día Mundial do Medio Ambiente, que Adegas dedicou este ano ás consecuencias do Cambio Climático. Para sensibilizar á sociedade sobre esta problemática, convocou unha concentración de colectivos ecoloxistas e sociais na Praza do Toural en Compostela onde se leu o manifesto "PAREMOS O CAMBIO CLIMÁTICO", asinado por Adegas, FEG, SGHN, CEMMA, Asemblea do Suido, AGA, SGEA, Seminario Galego de Educación para a Paz, SLG, BNG, P.P., CC.OO, ORGACMM, ASOAR-ARMEGA, APDR e PDRV. No texto animábase á poboación e á Administración galega a

tomar algunhas medidas para frear o quecemento do planeta como: a redución de gases de efecto invernadoiro, o control das emisións do tráfico (60% das emisións totais), a potenciación dos camiños de ferro, o fomento das enerxías renovábeis con criterios de sustentabilidade e plans de aforro e eficiencia enerxética, unha nova planificación do territorio, a defensa das montañas e a moratoria ás canteiras a ceo aberto, a conservación da biodiversidade e o bosque autóctono (freando a eucaliptización) e a recuperación da actividade agraria sustentábel.



Ramsés Pérez



Ramsés Pérez

EN BREVE

NORFOR e a FSC. O FSC segue a manter a certificación forestal de Norfor, filial de Ence, nas súas plantacións de eucaliptais, a pesares de que numerosos grupos ecoloxistas, entre eles Adegas, denunciaran e presentaran probas evidentes sobre as prácticas insustentábeis da empresa.

Nova Lei de Protección Animal. As touzadas que se celebran en Galiza reflicten a necesidade de establecer unha Nova Lei de Protección Animal que defenda os dereitos dos animais fronte aos espectáculos taurinos que agochan a tortura e a crueldade para cos animais baixo o manto da tradición.

Macropiscifactorías en Portugal. Segundo o diario portugués *Jornal de Notícias*, Pescanova está a ter dificultades co proxecto da macropiscifactoría de Mira. Supostas irregularidades atopadas na Declaración de Impacto Ambiental obrigaron a Pescanova a retirar temporalmente o documento.

Contaminación electromagnética. O 17 de maio, Día Mundial das Telecomunicacións, Adegas e as principais organizacións ecoloxistas do Estado, entre outros colectivos, fixeron un chamamento á cidadanía sobre o aumento da contaminación electromagnética. Demandaron cambios na normativa, máis financiamento público e unha investigación independente sobre os efectos destas emisións.

D.E.P. Círculo Lítico da Mourela. Curiosamente no Día Mundial do Medio Ambiente, 5 de xuño, procedeu ao enterramento da necrópole da Mourela, datada no 3000 a.C. A Consellaría de Política Territorial deu orde para arrasar cun dos monumentos máis importantes do megalitismo galego, o Círculo Lítico da Mourela. Non se agardou por outras alternativas de trazado nin se valorou a posibilidade dun túnel baixo a necrópole.

Moratoria para as minas a ceo aberto. Adegas, Filón Verde e a Plataforma para a Defensa da Cordillera Cantábrica e 39 ONGs máis reclamaron unha moratoria das explotacións mineiras a ceo aberto na Cordillera Cantábrica. Desde Galiza a Burgos, as canteiras a ceo aberto están a provocar a destrución irreversible de boa parte do noso patrimonio natural.

LIBROS



UNHA MOREA DE PROPOSTAS SINXELAS PARA REDUCIR OS RESÍDUOS

Federación Ecoloxista Galega (FEG)
Santiago 2005, 24 páx.
Galego

A FEG ven de editar un caderno como material de apoio á campaña "Deamos o primeiro paso... hai mil motivos para actuar", promovida pola FEG e ADEGA e á que xa se teñen sumado numerosas entidades. A campaña pretende incidir na redución de residuos. Trátase da tradución e adaptación a Galiza da guía elaborada polo *Centre d'Écologie i Projectes Alternatives* (CEPA). A redución de residuos é unha das maneiras máis eficaces de dar solución aos residuos, xa que o 40% do volume do lixo é o resultado de produtos innecesarios e evitábeis. Achega ideas sobre que residuos podemos evitar, como podemos empregar o cesto da compra no canto das bolsas de plástico ou mercar produtos a granel, e como incidir noutras cuestións como os envases reutilizábeis, os envases reciclábeis ou como reducir os residuos perigosos.



AMBIENTALMENTE SUSTENTABLE

Revista Científica Galego-Lusófona de Educación Ambiental
Nº 1-2: xuño-decembro 2006
Edita: CEIDA. 164 páxinas.
Galego



Nace a revista científica galego-lusófona de educación ambiental, cun número voluminoso (case 190 pax.) ao integrar neste volume I os números 1-2 correspondentes aos meses de xuño-decembro. A revista editada polo servizo de publicacións da UDC e o CEIDA "nace coa intención de converterse nunha publicación científica que permita o intercambio e a divulgación das investigacións e reflexións que se están a facer no ámbito da educación ambiental desde distintas áreas científicas". A publicación estrutúrase en diferentes apartados; marco teórico, medidas estratéxicas, traectorias e retos, recursos e instrumentos sociais, e conclúe cun banco de boas

prácticas. De tirada semestral, *Ambientalmente Sustentable* está aberta a colaboracións e achegas de todas aquelas persoas investigadoras que teñan ideas e suxestións para unha xestión eficiente e duradeira do medio. Os textos son admisibeis en calquera idioma, aínda que logo publicaranse en galego ou portugués.

DVDs

O PESADELO DE DARWIN

Director: Hubert Sauper. Filmax
Documental, 2004, Francia, Austria e Bélxica
Español/Inglés/Ruso/Swahili



En El Corte Inglés, no Gadis e noutras grandes superficies comerciais, podemos atopar Perca do Nilo. O "módico" prezo dos brancos filetes deste peixe non reflicten toda a escuridade que hai detrás do seu comercio e transporte (mercado de armas incluído) e moito menos se aprecia o impacto social e a destrución ambiental que supuxo a introdución desta especie.

Este magnífico documental leva á imaxe o libro do biólogo holandés Tijs Goldschmidt, sobre os efectos da introdución no lago Vitoria dunha especie invasora como é a perca do Nilo. Sen caer na imaxe explícita, Hubert Sauper transmítenos de man das miradas e dos silencios dos protagonistas que todos formamos parte dun mundo pequeno e que no noso menú esta a miseria, a humillación e o destino de "habitantes de Tanzania".

Un claro e duro exemplo do que supón a economía de mercado e as relacións

norte-sur. Dúas recomendacións (ou avisos):


- non mercar filetes de perca
- non ver este magnífico documental despois de xantar (atrángantase a comida).

NA REDE

ECOTONO www.ecotono.net

Galego

É esta unha iniciativa que pretende que todas as asociacións, persoas ou colectivos que teñan algún tipo de relación co medio ambiente galego teñan unha plataforma común de expresión e intercambio de ideas, propostas, etc. Como nos presentan na web, "ecotono.net é unha plataforma libre e aberta á participación de tipo horizontal na que tod@s temos cabida". En Ecotono tes a posibilidade de afiliarte a web e pertencer a comunidade o que permitirá enviar novas (na páxina principal pódense ler as normas editoriais). Outras seccións a destacar son: agrupacións ambientalistas, movementos e iniciativas sociais, educación ambiental e cultural, instalacións, servizos e alimentación natural, deporte de montaña ou actualidade ambiental entre outros moitos apartados e seccións. Ecotono.net é unha iniciativa de bandua.com e Amigos da Terra.



'RECURSOS' CERNA PIDE A TÚA COLABORACIÓN

Se estás interesad@ en que divulguemos en Cerna algún libro, CD, revista, etc, ponte en contacto con nós (ramses@adega.info), indicando 'Recursos' Cerna.

AXENDA AMBIENTALISTA

Data	Actividade	Entidade	Lugar	Observacións
Xullo				
27-28	Festa do río	Barcas do Minho	Monforte de Lemos	www.barcas.org
Setembro				
22	Curso de formación de Voluntariado Ambiental do Proxecto Ríos	Proxecto Ríos	Encoro do Con Vilagarcía	www.proxectorios.org
24-27	I Congreso Internacional de EA dos Países Lusófonos e Galiza	CEIDA, UDC e USC	Santiago de Compostela	www.ealusofono.org
(pendente)	Roteiros pola Rede Natura	ADEGA-Lugo	Espazos da Rede Natura 2000	www.adega.info
Outubro				
03-05	Conferencia Internacional sobre Restauración e Xestión de Dunas Costeiras	MMA, Costas e Universidade de Santander	Santander	http://www.iccd07.com
Todos os fins de semana	Campo de Voluntariado Ambiental no río Tea	Proxecto Ríos	Comarcas de O Condado e A Paradanta	www.proxectorios.org
Novembro				
(pendente)	Xornadas Rede Natura	ADEGA Compostela	Santiago de Compostela	www.adega.info
Decembro				
14	Presentación do Informe Anual	Proxecto Ríos	Santiago de Compostela	www.proxectorios.org

ROTEIROS POLA REDE NATURA 2000

En setembro comeza a nova xeira de roteiros de ADEGA Lugo, a programación do curso 2007-2008 elabórase ao final do verán. Se estás interesado/a en participar ou recibir información sobre as datas e os lugares a visitar consulta a web de ADEGA.

CONFERENCIA INTERNACIONAL SOBRE RESTAURACIÓN E XESTIÓN DE DUNAS COSTEIRAS

Presentación de relatorios detallando o deseño, construción e actuación de proxectos de casos de estudo sobre a restauración de dunas costeiras e programas de xestión. As comunicacións serán orixinais e deberán tratar sobre teoría, medidas, análise e práctica sobre os seguintes temas:

Procesos físicos: Transporte do vento, movemento das dunas, erosión da duna, estabilización

Procesos biolóxicos: Bioloxía, Ecoloxía, Conservación

Restauración de dunas: Deseño, construción, actuación

Xestión de dunas: Programas de xestión, planificación de accesos e servizos

PRESENTACIÓN DO INFORME ANUAL DO PROXECTO RÍOS

O Proxecto Ríos, presentará no vindeiro decembro o Informe 2007, sobre o estado de saúde dos ríos galegos. Neste informe recóllese o froito das análises efectuadas polos distintos grupos de voluntarios/as do país. Presentaranse os resultados das inspeccións dos grupos de voluntarios/as, así como a metodoloxía empregada na realización do informe, e as actividades máis importantes realizados durante o ano 2007. O Informe anual permite indicar o estado de saúde das diferentes bacías a partir dos indicadores empregados polos participantes.



I Congreso Internacional de Educación Ambiental dos Países Lusófonos e Galiza
24-27 setembro 2007 Santiago de Compostela

ANARELLA
ecoturismo

Turismo e Natureza

- Aula de natureza e Entidade para a Educación Ambiental
- Actividades de educación ambiental
- 60 prazos no ALBERGUE e 8 no CASA
- Servizos de restaurante para grupos
- Turismo cultural
- Rutas de senderismo
- Olinadas
- Xogos ambientais
- Xogos tradicionais
- Herba ecolóxica
- Enerxías renovables
- Párcos
- Pista deportiva
- Servizos concertados de programa, vele e cabalos

Breiros Danella s/n 25637 Vilamorir A Coruña
Tf: Fax 981.78.45.83 info@anarella.com

www.anarella.com

Achégate ó Parque Natural das Fragas do Eume

AS PRIORIDADES DO ECOLOXISMO EN 2007

XXXII ASEMBLEA XERAL DE ADEGA

BELÉN RODRÍGUEZ

ADEGA trasladouse ao Teatro García Borbón de Vigo para celebrar a súa XXXII Asemblea Xeral o pasado 28 e 29 abril. O saneamento das rías, a protección dos espazos da rede natura e do litoral, a xestión dos residuos, o cambio climático, e a política forestal centraron o debate ecoloxista. Asimesmo, ADEGA renovou a Xunta Directiva con mudanzas e novas incorporacións, de tal forma que Virxinia Rodríguez pasa a ser a nova Secretaría Xeral de ADEGA.

Un dos focos de atención na XXXII Asemblea Xeral de ADEGA foi a Rede Natura. Neste eido, faise preciso consolidar a Rede de Custodia dos espazos de RN creada pola asociación e explicar o valor ambiental dos lugares protexidos, dando a coñecer as súas potencialidades para que a poboación local participe na súa xestión. Concretamente, considerouse a posibilidade de solicitar ás administracións públicas unha moratoria para as canteiras a ceo aberto por ser, actualmente, unha das actividades industriais máis perigosas para o patrimonio ambiental e xeolóxico dos espazos protexidos.

A xestión dos refugallos en Galiza centrou outra das mesas de discusión. Ante as dúbidas xeradas pola Xunta arredor do futuro modelo de xestión dos residuos do sur de Galiza, en Carballeda de Avia, os ecoloxistas defenden a aposta por un modelo baseado na redución, reutilización e reciclaxe dos refugallos, onde prime a compostaxe e a descentralización sobre outros tratamentos

insostibéis e centralizados. ADEGA opoñerá-se a unha SOGAMA bis no Sur.

Con respecto ao cambio climático avógase por un maior esforzo na redución de emisións das empresas contaminantes, pola potenciación do uso do transporte colectivo e o pulo decidido dos camiños de ferro. ADEGA promete manter o seu compromiso no seguemento e control das novas instalacións enerxéticas en Galiza (eólicas e hidroeléctricas) e das novas formas de enerxía limpa (biocombustibéis e biomasa).

No terreo lexislativo, a asociación reivindicará a derogación da polémica modificación da lei de Costas aprobada polo

Partido Popular en 2002, por permitir excesos urbanísticos contra a protección do litoral. Tamén reclamará a aplicación estrita dunha moratoria urbanística mentres non se estableza unha política seria de ordenación territorial na costa. Vixiará moi de preto os novos Planos e Leis promulgados pola Xunta de Galiza en materia costeira (Plano Acuicola), enerxética (Plano Eólico), e forestal (Lei de Montes). No eido rural, os ecoloxistas solicitarán a redacción dun novo Plano Forestal fundamentado na defensa e potenciación dos bosques autóctonos, e no referido aos incendios forestais, a asociación seguirá apoiando o voluntariado en defensa do monte galego.

NON MÁIS RECHEOS NA RÍA

O acto acolleu a membros da Plataforma pola Defensa da Ría de Vigo que na conferencia inaugural repasaron con detalle as desfeitas ambientais sufridas na ría nos últimos dez anos. Eloy Piñeiro e Miguel Anxo Rúas, máximos representantes de PDRV, fixeron unha descrición desalentadora sobre a situación de saneamento, a contaminación e a especulación urbanística que ameaza o estuario.

Ampliacións de peiraos, a construción de novos portos deportivos, a realización de dragados de grande impacto, macrorrecheos e vertidos directos ao mar, fan da ría viguesa a máis castigada de toda Galiza, e de Bouzas o lugar máis agredido de toda a ría, sinala a PDRV. Ali, a Autoridade Portuaria de Vigo prevé a ampliación dun recheo de 223.000 m², máis unha depuradora e un segundo recheo de 62.000 m², o que crearía un gravísimo impacto ambiental e un estreitamento considerábel da ría. Este proxecto preténdese levar a cabo sen un Estudo de Impacto Ambiental, nin o Plano de Usos Portuarios, nin o Plano Director de Infraestruturas, nin a Modificación do Plano Especial da Ría de Vigo.

A PDRV cre que a emerxencia coa que se está a impulsar o macrorrecheo de Bouzas responde á necesidade de darlle servizo aos petroleiros que transporten materia prima para a futura planta de biocombustibéis de Salvaterra. Estes petroleiros, ademais de precisar de alomenos 20 metros de calado, constituirán unha ameaza continua de contaminación para o litoral vigués, apunta Eloy Piñeiro. Así pois, PDRV demanda ás instancias competenciales "non máis recheos na ría", unha análise seria do saneamento de Vigo e un estudo global e integral da ría. ADEGA fixo extensíbel esta petición de avaliación e estudo para o resto das rías galegas.

MUDANZAS E NOVAS INCORPORACIÓNS NA DIRECTIVA DE ADEGA

(ver Cerna nº 40, páx. 18)

Daniel López Vispo	Vicepresidente
Virxinia Rodríguez	Secretaría Xeral
Xan Louzao	Tesoureiro
Luis Díaz Cabanela	Vogal de Saúde ambiental e Residuos
Branca Villares Naveira	Vogal de Voluntariado Ambiental
Oscar Lama	Vogal de Montes
Xosé Xesús Oca Ben	Vogal de Relacións Sociais
Xosé Luis Blanco Suárez	Vogal de recursos audiovisuais
Xosé Manuel Rodríguez	Vogal de Afiliación
Xesús López Piñeiro	Membro da Permanente





E logo!

En galego, tes todo por dicir.

Na rúa, na casa, na escola, no traballo... En calquera lugar o galego é útil, porque sabes que te achega e que agora abre portas, porque che fai máis fácil a aprendizaxe doutras linguas, porque o levas dentro de ti, porque sempre suma, porque ten pasado e ten futuro. Porque é o teu dereito e a túa riqueza.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

www.galegoelogo.com



Gadisa' está aí

Crecendo tanto na actividade empresarial coma no noso compromiso co medio. Grazas a esta labor, durante o ano 2006 logramos reciclar:

- 395 toneladas de plástico
- 3.586 toneladas de cartón
- 378 toneladas de madeira

E ademais, 3.362.000 movementos con caixas de plástico reutilizables.

Contribuímos a crear unha conciencia ambiental na sociedade, colaborando co CEIDA a través da mostra Areas Mariñas Protexidas.

O noso compromiso é este: Traballar para que todos poidamos seguir gozando da Terra.



MACROPOLÍGONO INDUSTRIAL DO LIXO EN CARBALLEDA DE AVIA

Luis Díaz Cabanela*



Actualmente todas as plantas de tratamento de residuos están situadas no norte (Sogama, Nostián, Lousame, As Somozas). É evidente que hai que dar unha solución aos residuos do sur, mais non compartimos o anuncio da Consellería de crear un "macro-polígono industrial do lixo", que eufemisticamente chaman "Parque Medioambiental de Galiza".

Propoñemos como alternativa a creación de plantas de compostaxe comarcais para o tratamento de RSU. Deste xeito descentralizamos a xestión do lixo, diminuímos o custo do transporte e facemos responsábel a cada bisbarra da xestión dos seus refugallo aplicando a estratexia dos 3R (redución, reutilización, reciclaxe).

Rexeitamos outras técnicas de tratamento de RSU. A incineración tradicional ou por medio de plasma son fonte importante de emisión de tóxicos á atmosfera. Apostamos pola compostaxe como mellor tecnoloxía. Para os residuos industriais, e tendo en conta que moitos deles son tóxicos e perigosos, aceptaríamos a creación dun polígono especializado. Agora ben, habería que escoller moi ben a localización dese polígono, que tería que gardar a distancia mínima de 2000 metros ata os núcleos de poboación. Tería que dispor da mellor tecnoloxía posíbel, e por suposto non debe afectar ao medio ambiente.

Rexeitamos a súa localización en Carballada de Avia por estes mesmos

motivos. Fundamentalmente non garda a distancia regulamentaria ás poboacións, ademais de estar xusto ao carón da captación de auga potábel de Ribadavia, e afectar negativamente o contorno do Santuario de Lodairo, situado nun outeiro desde onde se divisaría todo o Parque Industrial. Tamén podería ser incompatible con outras actividades produtivas do Ribeiro, como son a produción de viño de calidade e o turismo.

"O Ribeiro debe ter a súa planta de compostaxe, o mesmo que Vigo, Pontevedra e Ourense, pero Carballada de Avia non é o lugar axeitado para o tratamento de refugallo industriais"

A oposición veciñal está fundamentada nestes argumentos. O colectivo "Temos Dereito a Saber" ten realizado unha forte campaña informativa mediante charlas, pegada de carteis, etc, pois a xente da comarca estaba desinformada debido a ambigüidade da información oficial centrada fundamentalmente na oferta de postos de traballo.

Segundo a información oficial transmitida pola Consellería de Medio Ambiente, o parque empresarial trataría os seguintes tipos de residuos: RSU, aceites vexetais e minerais, aparellos eléctricos e electrónicos, disolventes,

metais e compostos metálicos, pneumáticos fóra de uso, papel e cartón, plásticos, tóner e cartuchos de tinta de impresión, ácidos, álcalis e lodos de depuradoras.

Falan de rexeitar a incineración e de utilizar tecnoloxías limpas. Pero a día de hoxe descoñecemos cales van a ser as tecnoloxías utilizadas polas empresas que se sitúen no polígono. O simple almacenamento de residuos perigosos como os disolventes e aceites minerais non se pode facer tan preto de onde vive a xente. Temos aínda a lembranza do accidente químico de Caldas, onde o incendio dun almacén de disolventes provocou unha nube tóxica, contaminou gravemente as augas do río Umiá e deixou sen auga potábel a gran parte da bisbarra de Arousa.

Consideramos que o Ribeiro debe ter a súa planta de compostaxe, o mesmo que Vigo, Pontevedra e Ourense, pero Carballada de Avia non é o lugar axeitado para o tratamento de refugallo industriais.

Solicitamos que se faga un plano de xestión de refugallo de Galiza contando co movemento ecoloxista, un plano con tratamentos descentralizados, aplicando as mellores tecnoloxías posíbeis, e gardando as distancias regulamentarias.

* Luis Díaz Cabanela é vocal de Saúde ambiental e residuos de ADEGA

ACCIÓN: MONTAÑAS EN REDE

Ramsés Pérez

"Os montes máis altos do noso país foron trillados, andados e rodados, as terras traballadas e cada penedo, cada curuto, cada fontenla, cada regueiro obtivo un nome."

Suso de Toro

Ramsés Pérez

O pasado 12 e 13 de maio, ADEGA e Red Montañas realizamos unha acción en defensa das montañas, continuando á desenvolvemento o ano pasado en defensa de Pena Trevinca contra o proxecto de construción dunha estación de esquí e as infraestruturas parellas. Desta volta ADEGA coordinou e promoveu en Galiza unha acción descentralizada que se desenvolveu no resto da Península. Consistiu na ascensión a diversos cumios, curutos e cuiñas cunha faixa co lema "Ningunha montaña sen protección".

SITUACIÓN DAS MONTAÑAS

A montaña é unha das paisaxes predominantes do noso país. "Máis da metade do territorio ten pendentes superiores ao 20%, sendo a media o 21,5%", segundo nos din Adela Leira e colaboradores no seu libro *As Montañas de Galiza*. O carácter montañoso de Galiza, xunto coa súa interminábel rede hidrográfica, é a orixe dunha grande diversidade de paisaxes e ambientes, de xeoloxía, climatoloxía e usos.

A conxunción destes factores da lugar a diferentes hábitats montañosos como poden ser os pasteiros, matogueiras, brañas, turbeiras ou diferentes masas forestais, sexan plantacións ou bosques

naturais de bidueiros, aciñeiras, etc. Estes espazos, a súa vez, teñen unha fauna e flora características, de feito unhas poucas serras galegas son o refuxio das últimas poboacións galegas de perdiz charrela (*Perdix perdix*) ou águia real (*Aquila chrysaetos*).

Lonxe do que poida parecer, a montaña galega foi un espazo ocupado e traballado ate hai ben pouco, como nos apuntou o escritor Suso de Toro nas xornadas que celebrou ADEGA sobre os lumes en Galiza. Nas montañas galegas cultivábase cereal, levase o gando a pastar, cortabase leña para queimar ou coa que facer carbón para as ferrerías. As serras galegas eran espazos para a caza, nelas recollíase o estrume preciso

para a cama do gando e un longo etcétera.

O abandono do rural incidiu principalmente nas zonas de montaña, xa que nelas a vida é moito máis dura. Isto deu lugar a diversas situacións: nunhas serras produciuse unha naturalización dos espazos abandonados, e noutras, a poboación que ficou explotou ao máximo os exiguos recursos que aportan as montañas, por exemplo, intensificando e desvirtuando a chamada cultura do lume ate deixar espazos practicamente ermos.

As montañas galegas están a sufrir hoxe en día as consecuencias do abandono e unha serie de agresións que lonxe de minimizarse van a máis: estacións de esquí, infraestruturas turísticas, urbanizacións, estradas e pistas, minas e canteiras, expolio cinexético e forestal, parques eólicos mal situados, industria hidroeléctrica, etc.

ACCIÓN MONTAÑAS EN REDE 2007

O ano pasado ADEGA realizou unha acción contra a construción dunha pista de esquí en Pena Trevinca (ver Cerna 48, páxina 6). A nivel estatal, as 43 ascensións realizadas serviron entón para que o Ministerio de Medio Ambiente se comprometera a impulsar a aprobación da Carta das Montañas.


Desta volta, ADEGA coordinou e promoveu unha nova acción en defensa das montañas galegas. Antes da subida, os grupos descargaron unha faixa da web de ADEGA e de Red Montañas co lema "Ningunha Montaña sen Protección". Unha vez na montaña, os



Con motivo da acción Montañas en Rede as entidades convocantes editamos unha camisola. O coñecido deseñador navarro Kukusumuxu cedeunos unha creación exclusiva para esta actividade. O deseño que acompañamos ten o lema "Somos xente de montaña" en galego, portugués, catalá, euskara, español e francés. A camisola véndese a 15 euros.

participantes deixaron constancia da súa acción en fotografías, que denuncian as agresións no lugar escollido e que se poden ver na páxina web www.adega.info. Fixéronse fotos nun total de 200 cumios de toda a Península, dos cales, 42 tiveron lugar en Galiza, quedando no segundo posto en número de ascensións.

Na acción galega participaron unha corentena de colectivos entre os que están clubs de montaña (Ferrol e Pontevedra), delegacións de ADEGA, socios e particulares. As principais problemáticas apuntadas son: incendios forestais, parques eólicos, canteiras, abertura de pistas e outras infraestruturas, monocultivos, e turismo agresivo con quads, motocross, etc. Outras das afeccións sinaladas son os desmontes e o despoboamento, o expolio arqueolóxico, as prácticas gandeiras insustentábeis e os vertedoiros incontrolados. Algunhas destas agresións ao medio están referidas a cuestións específicas como son as pizarreiras a ceo aberto no Courel, a posíbel afección dun parque eólico nas Brañas do Xestoso ou a petición de Parque Natural para Pena Trevinca e o Biduerial de Montederramo.



Realizáronse 200 ascensións en toda a Península, das cales 42 tiveron lugar en Galiza.

MANIFESTO

“Somos XENTE QUE VIVE, TRABALLA OU GOZA NAS MONTAÑAS, e únenos unha razón moi forte: ocupámonos das montañas e do seu futuro. As montañas son lugares de extraordinaria importancia, porque delas depende algo tan importante para todos como é a AUGA. Ademais, nelas atópanse grande parte dos nosos mellores BOSQUES e ECOSISTEMAS, as nosas PAISAXES mellor conservadas, e a nosa máis valiosa DIVERSIDADE. Desafortunadamente, os científicos prognostican que as nosas montañas se verán gravemente ameazadas polo CAMBIO CLIMÁTICO se non facemos todo o posíbel por GARANTIR A SÚA CONSERVACIÓN protexendo os ecosistemas e os fráxiles chans que os sustentan. Isto inclúe evitar todo USO NON AXEITADO E EXPLOTADOR DE SEUS LUGARES, como son a especulación urbanística, o turismo irresponsábel, as canteiras ou a industria eólica.

Porque as precisamos para sempre, a XENTE DE MONTAÑA en nome das xeracións presentes e vindeiras pedimos ás Administracións e aos responsábeis políticos:

¡NINGUNHA SOA MONTAÑA SEN PROTECCIÓN!



Ramsés Pérez

Macizo Central: A montaña galega agocha un rico patrimonio natural e cultural



Ramsés Pérez



transparente

Rexistro Único de Demandantes de Vivenda Protexida

Agora o acceso á vivenda protexida é máis transparente.
A Consellería de Vivenda e Solo creou o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda Protexida.

Vantaxes:

Cómodo: A Consellería inclúete no sorteo de cada promoción que se axuste á túa solicitude.

Eficaz: Permite coñecer a demanda real de vivenda protexida en cada Concello.

Transparente: Na adxudicación da vivenda.

Para quen?

Se buscas unha vivenda protexida, en compra ou aluguer, insíbete no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda Protexida.

Como inscribirse?

Cada demandante deberá cubrir un impreso de solicitude que pode baixar da web www.conselleriavivenda.xunta.es ou solicitar en calquera delegación Provincial da Consellería de Vivenda e Solo.

Como funciona?

Cada vez que se oferta vivenda protexida, a Consellería convoca un sorteo ante notario entre os demandantes cuxa solicitude de vivenda se axuste a característica da promoción ofertada. Deste sorteo sae a lista de beneficiarios, que son os que teñen dereito a asinar o correspondente contrato de compravenda ou aluguer.

Infórmate:

Servizos centrais da Consellería de Vivenda e Solo en Santiago de Compostela
Delegacións Provinciais da Consellería de Vivenda e Solo
Web: www.conselleriavivenda.xunta.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

REDE NATURA: OPORTUNIDADES E CONFLICTOS

Reportaxe por Belén Rodríguez

ADEGA e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galiza (CEIDA) organizaron o pasado 21 de abril no Castelo de Santa Cruz un dos encontros máis agardados polos traballadores da Administración autonómica e local, membros de AGADER e Fundacións comarcais, técnicos de medio ambiente en concellos, propietarios e afectados e grupos ambientalistas que apostan pola implantación eficaz e sostible da Rede Natura 2000 en Galiza. Nesta reunión participaron expertos nacionais e internacionais sobre espazos protexidos e responsábeis políticos directos en conservación da natureza, desenvolvemento agrario e turismo co obxectivo de definir os conflitos, expoñer as oportunidades e propoñer solucións para o futuro dos espazos Rede Natura de Galiza.



Ramsés Pérez

¿Qué é a Rede Natura? ¿Qué se debe conservar? ¿Cómo implicar a Administración e a poboación na xestión dos espazos protexidos? ¿Cómo compensar o esforzo dos veciños pola conservación do lugar onde viven? ¿Qué instrumentos de financiamento existen para a Rede Natura? ¿Qué referentes hai sobre unha apropiada xestión da Rede Natura? ¿Qué expectativas de futuro teñen os lugares de interese comunitario? A todas estas incógnitas trataron de darlle resposta os diferentes participantes. O punto de partida do debate foi: ¿Por qué precisamos dos espazos protexidos?

Carlos Vales, director do CEIDA, fixo un repaso histórico da evolución que sufriron as políticas de conservación da natureza a nivel mundial. Desde a creación do primeiro Parque Natural no estado americano de Wyoming, no chamado Lago termal de "Yellowstown", ata hoxe mudaron os obxectivos da conservación. En Yellowstown exterminaron os lobos e os pumas para convertelo en parque público. Posteriormente, nos parques naturais a presenza humana era considerada incompatible cun estado de

conservación. Foi o caso do Parque de Samaria en Grecia ou do Parque Niokolo-Koba (Senegal), onde foron expulsadas as súas poboacións, o que deu lugar a graves conflitos sociais e de furtivismo.

A finais do século XX, concíbese que non só os lugares "salvaxes" son susceptibles de conservar e protexer, tamén o son aqueles que teñan un valor ambiental adicional. A actividade humana pasa a ser un elemento significativo na biosfera e as áreas protexidas deben ser planificadas desde unha óptica territorial global. Chegado o século XXI, a Unión Internacional de Conservación da Natureza (IUCN), no foro de 2003, concluiu que as zonas protexidas están a prestar servizos ambientais prácticos á poboación no seu conxunto e, segundo estes beneficios, definiu diferentes figuras de protección nos que se compatibiliza a conservación coa actividade humana: Reservas da Biosfera, Rede Natura, Parques Naturais... No caso da Rede Natura, "o erro foi declarar os espazos a protexer sen contar coa participación social", di Carlos Vales, "agora

o desafío é que a xente non vexa a conservación como unha limitación, senón como unha oportunidade". Ademais, o medio mariño galego e unha grande parte de humedais catalogados están sen protexer.

A REDE NATURA EN GALIZA

A Lei estatal 9/2001 do 21 de agosto define as categorías dos espazos naturais protexidos. En base a esta normativa, o 13,1% do territorio galego dispón dalgún réxime de protección. Na actualidade temos un Parque Nacional, 6 Parques Naturais, 6 Monumentos Naturais, 5 Humedais Protexidos, 59 Lugares de Interese Comunitario e 14 Zonas de Especial Protección para Aves (ZEPAS). En Rede Natura inclúense os LICs e as ZEPAS. A primeira proposta que fai Galiza para a inclusión dos seus espazos como LICs en Rede Natura foi en 1999, pero non será ata o 2004 cando a Unión Europea acepte a proposta definitiva. Aínda así, a UE considerou insuficiente a superficie galega a protexer e susceptibles de mellora as zonas ZEPA.

Previo á declaración de Parques Naturais, a Administración galega tivo que realizar Plans de Ordenación dos Recursos Naturais (os PORN) de cada un dos espazos propostos. Posteriormente, a Xunta está obrigada a redactar os Plans Rectores de Uso e Xestión desas áreas (os PRUX), "nos que si se ten en conta a participación da cidadanía". Foi o que explicou Luis Costa, delegado da Consellería de Medio Ambiente en A Coruña e Director do Parque Natural das Fragas do Eume, en representación da Xunta. Este proceso administrativo remata coa creación dun Plan de Conservación que define os usos e as actividades permitidas en cada espazo protexido. Segundo Costa, a Rede

Natura establece poucas restricións para os veciños, xa que poden seguir vivindo das actividades tradicionais. Para o resto de actividades precisan da autorización da Consellaría de Medio Ambiente.

Arestora o 12,6% da superficie galega corresponde a LICs (335.556 Has) e a ZEPAS (71.579 Has), sendo Lugo e Pontevedra as provincias con maior terreo protexido. Pero é pouco. A Dirección Xeral de Conservación da Natureza pretende nun prazo inmediato incrementar nun 3% os espazos de protección (40.000 Has) coa declaración de 4 Parques Naturais (Os Ancares, Courel, o Macizo Central e Pena Trevinca), do Canón do Sil como Paisaxe Protexida, de 3 Monumentos Naturais e da Reserva da Biosfera da Serra do Xurés-Rías Baixas. A idea de Medio Ambiente é acadar nos próximos anos a protección do 20% da superficie total galega, consolidar a Rede Natura de Galiza, protexer máis activa e especificamente o territorio, e promover o uso e goce da sociedade galega nos espazos protexidos. Luis Costa destaca que se conservarán estes espazos tratando de armonizar o mantemento da súa biodiversidade cos habitantes e as actividades destes e que, en ningún caso significará, conxelar a actividade produtiva e o desenvolvemento da zona.

A REDE NATURA NO ESTADO

Preto do 11% do territorio español está protexido (1.150 espazos que ocupan 5 millóns de Has), a un punto da media porcentual mundial e moi por riba da media europea (3,2%). En total son 154 Parques Naturais, 14 Parques Nacionais, 235 Reservas da Biosfera e 284 Monumentos Naturais de toda España. Por iso "é importante que a Administración saiba explicar á cidadanía o que comporta RN 2000", segundo o representante de Europarc-España, Javier Gómez-Limón. A este respecto, a planificación dos espazos de RN require a participación e implicación de todas as persoas afectadas, especialmente das locais, facendo da protección da natureza un garante da saúde para a sociedade e un revulsivo para as actividades tradicionais e para os servizos ambientais. "Hai que comezar a comunicar este tipo de conceptos", di Gómez-Limón.

No Estado xa existen proxectos impulsados dentro da Rede Natura 2000 que están acadando grandes éxitos de xestión e perspectivas de futuro para as poboacións locais. Como exemplos cabe

destacar a proposta de xestión e ordenación do LIC Fuencaliente en A Palma, constituído en Reserva Mariña de Interese Pesqueiro. Outro caso referente é o LIC Terra de Campos en Villafácila (Palencia). Ali a economía local predominante é a agrícola baseada en cultivos extensivos e a poboación tende ao envellecemento. Grazas a fondos europeos e locais creáronse 35 postos de traballo en Villafácila e establecéronse varios acordos cos agricultores en canto ao uso de fertilizantes, o abandono das terras... de xeito que a política de conservación

quedou vencellada ao mantemento da acción agraria e da poboación. Outra opción é promover o cultivo de produtos ecolóxicos nos espazos protexidos, como fai RIEVEL. Esta empresa merca pastas ecolóxicas producidas por agricultores de Velchite (Aragón) e arroz ecolóxico do Delta do Ebro, para logo alimentar ás aves. É un proxecto patrocinado pola SEO (Sociedade Española de Ornitoloxía) co que se crea traballo nunha zona de baixa produción, os agricultores perciben recursos, cultívase arroz e pasta de



CARBALLO

PORTA DA COSTA DA MORTE



www.carballo.org

calidade e dinamízase social e economicamente a zona.

O proxecto "Tartaruga Mora" conseguiu custodiar unha rede de reservas ecolóxicas de 6.500 Has de superficie en Murcia co gallo de conservar dita especie e os animais asociados. A custodia foi posíbel mediante un convenio cos propietarios das fincas, os cales participan directamente na xestión do espazo.

A REDE NATURA EN EUROPA

O galego Miguel Castroviejo, Conselleiro de Medio Ambiente de España na Comisión Permanente da Unión Europea, resalta a necesidade de conservación da biodiversidade europea pola ameaza constante que esta sofre: "Como media entre 1990 e o ano 2000, estanse selando ao día mais de 200 has con urbanizacións, estradas, infraestruturas..., desapareceu o 16% dos humidaís e preto do 50% das aves están en perigo". Para frear este declive, a UE puxo a andar, xunto cos acordos internacionais, instrumentos legislativos europeos que logo terían que traspoñerse aos estados. Baixo este marco legal, Europa protexe actualmente 200 tipos de hábitats e 700 especies diferentes.

As dúas directivas europeas que rixen a protección da Rede Natura (Directiva Hábitats e Directiva de Aves) prevén un réxime preventivo, que obriga a evitar o deterioro das áreas protexidas, e un réxime de xestión activa, que obriga a chegar a un estado de conservación favorábel. Este último é o grande reto. Ademais dos beneficios ambientais que ofrecen os espazos conservados, tamén ofertan oportunidades educativas e retribucións sociais e económicas. Sinala Castroviejo que contribúen á calidade de vida e de saúde, ao coñecemento e prestixio da zona, á diversifica-

ción das actividades económicas e á xeración de emprego, principalmente, nas zonas rurais: "Os empregos derivados da conservación dunha zona rural son 6 veces máis que en zonas rurais non protexidas".

Os tipos de fondos europeos aos que se pode acceder para a potenciación socio-económica dun espazo de Rede Natura son varios: Fondos FEDER, Fondo Social de Cohesión, Fondo Social Europeo, Fondos FEADER e o prioritario Life Plus. Este presuposto orzamentario subvenciona a realización de actividades científicas sobre a Rede Natura, a planificación e xestión destas áreas, o seguemento do Plan de Conservación e a compra de terras asignadas para para a conservación.

RECURSOS PARA O PERIODO 2007-2013

Para que un proxecto sexa obxecto subvencionábel polo programa Life Plus debe ser unha proposta que non teña posibilidade de ser respaldada por outro tipo de axudas autonómicas, estatais ou europeas. O proxecto ten que ter o valor engadido da orixinalidade e debe ser demostrativo de boas prácticas non recurrentes ou cotidianas.

A UE prevé destinar para o Life Plus do período 2007-2013 unha cantidade orzamentaria de 1.800 millóns de euros, dos que un 78% irá para proxectos que non sexan xestionados directamente por Europa. Desta porcentaxe, a metade (como mínimo) irá para programas a favor da natureza e biodiversidade, podendo acadar o 75% de subvención directa cando os hábitats ou as especies sexan prioritarios.

Por primeira vez, establécese unha distribución previa dos orzamentos por

estados membros, podendo variar segundo a calidade dos proxectos. Outra novidade do Life Plus é que asume os custos de persoal que traballe na redacción do proxecto. Neste reparto de capital, España sae ben parada, segundo Castroviejo, sendo o segundo estado membro máis beneficiado, por detrás de Alemaña. Recibirá alomenos 22 millóns de euros por ano para a xestión da Rede Natura 2000 durante o período 2007-2013.

EN QUÉ SE EQUIVOCA GALIZA COA REDE NATURA?

Se xa tiveramos ampliado o espazo galego de Rede Natura e protexido o 16% da superficie de Galiza, aínda estaríamos moi por debaixo dos niveis doutras comunidades españolas como Extremadura (40%) ou Canarias (45%) e mesmo a media española (20%) (véxanse diversos indicadores ambientais en Cerna 45). Por outra banda, en Galiza existe unha enorme confusión con respecto ás medidas restritivas da Rede Natura, indica Castroviejo, as cales non restrinxen en absoluto as actividades tradicionais. "Os galegos temos un lastre: unha desconfianza secular aos poderes públicos. Primeiro fai falla un labor explicativo, informativo e de divulgación, e segundo, axudar a ver á poboación que existen novas posibilidades de desenvolvemento". Castroviejo cre que o éxito da xestión nun lugar de Rede Natura radica na interacción e coordinación dos actores locais para o aproveitamento dos recursos financeiros e as axudas para ese fin. "En Galiza fai falla que os actores sociais sexan máis dinámicos na búsqueda dos recursos e medios que posibiliten a posta en marcha de proxectos sostíbeis nos espazos de Rede Natura".



CONCLUSIÓNS: ACTUACIÓNS URXENTES NA REDE NATURA

Lonxe de ser percibida como un obstáculo permanente, a Rede natura debe ser unha oportunidade engadida na procura do benestar e da calidade de vida aos que todas e todos aspiramos. Con este obxectivo, Adegas considera prioritarias e urxentes as seguintes actuacións, referendadas polos expertos que participaron nas xornadas:

- 1.- Trasladar ao conxunto da sociedade e das institucións locais, públicas e privadas, o convencemento de que no patrimonio natural, na biodiversidade, na paisaxe, no conxunto dos recursos naturais -en combinación co patrimonio histórico, etnográfico e cultural destes espazos protexidos-, temos todos e todas un recurso moi valioso, e capaz de transformarse, a través dunha acertada xestión, nun máis que importante recurso económico. A posta en valor destes espazos como recurso turístico, cultural e científico; a recuperación da arquitectura e de asentamentos tradicionais, ou a revalorización dos seus produtos e da súa artesanía poden ser un exemplo disto. A educación ambiental, entendida como unha complexa interacción de moi diversas fontes de coñecemento e de intercomunicación social, é transcendental para acadar este obxectivo.
- 2.- Implicar á poboación que vive dentro dos espazos protexidos na protección e conservación para que esta sexa viábel. É unha cuestión de xustiza social que a poboación perciba a compensación que merece polos servizos que presta á sociedade, sendo os veciños e veciñas os primeiros beneficiarios de calquera política de recuperación, conservación e protección destes espazos. Todas as fórmulas de implicación expostas no debate coincidiron na necesidade inicial de ofrecer á poboación dos espazos protexidos os mesmos servizos sociais dos que goza o resto da sociedade: infraestruturas, unha eficaz atención sanitaria, novas tecnoloxías, etc. Consecuentemente, a administración deberá achegar os fondos necesarios.
- 3.- Reclamar das distintas administracións unha maior coherencia na xestión da Rede Natura. Débense evitar incongruencias ou situacións incomprensíbeis nas que, por exemplo, se persiga a un propietario por talar unha árbore ou facer un desmonte sen autorización en zona de Rede Natura e ese mesmo propietario teña que soportar actuacións que, como as canteiras, destrúen totalmente hábitats e territorios.
- 4.- Ampliar os espazos de Rede Natura e outorgarlles unha maior protección, de forma vinculada ás reivindicacións sociais da poboación afectada. A Administración debe facer prevalecer o interese social da conservación do patrimonio natural fronte ás moitas ameazas que estes espazos están a soportar.



As xornadas foron presentadas por Carlos Vales, primeiro pola esquerda, Adela Figueroa e Daniel Vispo

CEIDA

Daniel López Vispo (ADEGA)



Ramsés Pérez



AS MARAVILLAS DO COUREL EN ESTADO GRAVE

Belén Rodríguez



Belén Rodríguez

A situación de declive social e ambiental que vive a Serra courelá sentou na mesma mesa de debate a especialistas en xeoloxía, bioloxía, agronomía, paleontoloxía, patrimonio cultural, arquitectura, paisaxe e etnografía. O encontro, celebrado o 12 de maio na Escola Politécnica Superior de Lugo, foi organizado por ADEGA, Universidades galegas e o Colexio Oficial de Arquitectos de Lugo para descubrir as peculiaridades ambientais, sociais e culturais do Courel, definir as súas ameazas e marcar unha dirección cara a protección e conservación do medio e das súas xentes. Para iso, tamén estiveron presentes máis unha ducia de voceiros dos distintos Departamentos da Administración autonómica e local, responsábeis directos na xestión política da zona. Pero a diagnose do estado de saúde ambiental da Serra correu a cargo dos primeiros. A continuación, a radiografía das maravillas do Courel.

CANTEIRAS VERSUS XEOBIODIVERSIDADE

No Courel está a maior diversidade xeolóxica de Galiza, mais actualmente está en perigo debido ao desenvolvemento industrial e antrópico da zona. Nomeadamente, as canteiras a ceo aberto poden destruír milleiros de anos de historia, desde a Época Precámbrica ata hoxe, recollidos nas pedras do subsolo courelá. Así o cre o Catedrático en Xeoloxía e Director do Instituto Universitario "Isidro Parga Pondal", Xoán Ramón Vidal Romani, quen considera a explotación mineira como unha actividade especulativa, e non industrial, e que "faí da lousa o problema do Courel". Tras unha violenta actividade volcánica no Paleozoico Inferior orixinouse o que hoxe é o material máis codiciado na Serra para os canteiros. A explotación da lousa en toda Galiza, e en concreto no Courel, supón "unha desfeita máis grave que un *Prestige* por ano" e, de seguires así, deixará para o futuro paisaxes similares ás de "As Médulas" ou Montefurado.

Vidal Romani, cre necesario reabrir o debate social sobre a rendibilidade económica das canteiras a ceo aberto fronte ás perdas ambientais que estas xeran. Asegura que a industria pizarreira en Galiza tan só aproveita o 1% da explo-

tación de lousa, quedando o 99% restante en entulleiras ladeira abaixo, "cumprindo a única lei que respectan as louseiras: a lei da gravidade". A falla de rexeneración *postactividade*, a utilización de técnicas primitivas de extracción, a importación de pizarra do Brasil e China, que logo se mestura coa galega, e a suposta ilegalidade do 90% das

**"En Galiza só se aproveita o 1% da lousa extraída, o 99% tírase ladeira abaixo, sen rexenerar".
"A lei da gravidade é a única lei que respectan as louseiras en Galiza" Vidal Romani**

canteiras de Galiza, na meirande parte subvencionadas con fondos públicos, son argumentos máis que suficientes, indica Romani, para pechar as explotacións de minas a ceo aberto. Algúns dos poucos restos glaciares que conservamos, coma o de "Céramo" (300.000 anos de antigüidade), "Lucenza" (80.000 anos) e "Ferreiría Vella" (25.000 anos), ou as pegadas da primeira unión xeolóxica de Galiza como é o "Taro Branco" ou o "Pregue deitado do Courel", de hai máis de 300 millóns de anos, non están a salvo da industria pizarreira.

OS FÓSILES MÁIS ANTIGOS

O rexistro fósil máis antigo de Galiza que se coñece, pertencente á unha época anterior ao Cámbrico Inferior, tamén está no Courel. Naquel momento a zona era un fondo mariño e nel habitaban as chamadas faunas de Ediacara. A Serra tamén agocha xacementos de épocas posteriores, cando os continentes comezaron a unirse e a reencherse os fondos mariños, hai uns 450 millóns de anos. Pero a falla dun Plano de Estudo Paleontolóxico na zona dificultou a súa investigación, e os últimos fósiles atopados corresponden á derradeira fase do Cuaternario, indica a paleontóloga e Secretaria do Instituto Universitario de Xeoloxía na Universidade de A Coruña, Aurora Grandal.

"O Courel acolle o 40% da diversidade vexetal galega e 2/3 das comunidades arbóreas de Galiza" Manuel Guitián

O Courel supón para os paleontólogos unha das zonas de maior interese científico por rexistrar formacións cársicas, sobre rochas calizas, onde o estado de conservación dos fósiles animais é máis óptimo. No Carst de Céramo, por exemplo, atópanse restos de faunas olocenas e de comunidades humanas.

Particularmente, as últimas pegadas do "oso das cavernas" en Galiza tamén están no Courel. Tampouco estes xacementos, considerados polos expertos como os máis antigos da Europa Occidental, se escapan da ameaza das canteiras.

A MAIOR DIVERSIDADE VEXETAL


Unha das riquezas do Courel está na súa biodiversidade. O LIC Ancares-Courel concentra 2.500 especies de plantas vasculares das que a metade están no Courel. Poderíase dicir que a montaña courelá é o espazo con maior biodiversidade de Galiza, xa que máis do 40% das plantas galegas están ali. Por comunidades vexetais, recolle a terceira parte do total das familias de herbáceas de Galiza, máis de 1/3 das arbustivas e os 2/3 das arbóreas (arredor de 20 tipoloxías de árbores). Esta variedade de plantas só se dá nas Serras orientais de Lugo pola particularidade da súa litoloxía, a morfoloxía das súas vertentes ou relevo, o clima, a súa bioxeografía e pola influencia da actividade humana. Este último factor tivo unha incidencia especial na constitución da actual paisaxe courelá.

"Os fósiles mellor conservados atópanse nas formacións cársticas do Courel" *Aurora Grandal*

Segundo os expertos, Pablo Ramil e Manuel Guitián do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural, o Courel experimentou unha redución considerábel da superficie boscosa natural, que hoxe constitúe pouco máis do 10% da superficie forestal total. Por conseguinte, as matogueiras gañaron espazo ata chegar ao 52% do territorio, extinguíronse especies e introducíronse exemplares foráneos que acabaron colonizando o 17% do solo. Pero a pesares dos cambios no eido forestal propulsados pola actividade humana, o Courel aínda conserva mosaicos boscosos propios como as "devesas" ou "bosques de bosques", nas que conviven multitude de especies autóctonas.

PATRIMONIO, CULTURA, PAISAXE E ETNOGRAFÍA

"A paisaxe forma parte da nosa cultura, pero o patrimonio natural non está amparado pola lexislación cultural. Estamos convencidos de que as canteiras están mal, pero desde a perspectiva



Ramsés Pérez

"Estamos convencidos de que as canteiras afectan ao patrimonio do Courel". "O home leva invadindo a paisaxe desde hai 2.000 anos, pero agora faino con máis medios e menos escrúpulos" *Felipe Arias*

da Administración cultural non afectan ao Patrimonio". Así de claro o deixa o Director Xeral de Patrimonio Cultural, Felipe Arias, ao explicar a falta de competencias que ten o seu Departamento para actuar a prol da protección dos bens naturais do Courel, sobre todo

daqueles que están no subsolo ou xacementos que aínda están por descubrir. Até o momento, rexen as normas subsidiarias de 1991 polas que tan só se contempla a protección de 9 xacementos castrexos e 4 romanos (aínda que se teñen recoñecido ao menos outros 37 sen inventariar), dous BICs (Bens de Interese Cultural) e varias capelas e igrexas (o 70% do inventario total). Ante este panorama, Felipe Arias ve preciso que a lexislación medioambiental contemple o ben cultural como algo indisoluble e interrelacionado co medio ambiente. Estima necesaria a actualización de catálogos e inventarios e a busca de fórmulas adecuadas para a intervención de Patrimonio na protección dos bens naturais sen interferir noutras competencias. Arestora, este organismo está a usar como instrumento de mellora e control patrimonial os Planos Xerais de Ordenación Municipal.

"A paisaxe cultural é obra da acción combinada da natureza e do ser humano" *Rafael Crecente*

Pola súa parte, o arquitecto Xosé Anxo Carreira, definiu a falla de protección do patrimonio arquitectónico rural como "unha cuestión de debilidade social". Segundo as súas palabras, "estamos nun grado consciente de deterioro e de perda de autoestima", mentres a esencialidade do mínimo, a eliminación de superficialidades, a fusión coa paisaxe, o uso de materiais propios e o enxeño do construtor rural acadan sobradamente as expectativas do bo gusto arquitectónico.

Rafael Crecente, investigador sobre o termo "paisaxe cultural" e membro do IBADER, foi máis alá das concepcións tradicionalistas da paisaxe e vinculou a súa definición coa percepción que a sociedade fai dela ao longo do tempo. Crecente indica que a paisaxe "está de moda" en Galiza, pero que nunca houbo instrumentos nin políticas específicas para a súa xestión e ordenamento. Tampouco se coñecen mecanismos de formación e información relativa á paisaxe galega esenciais para establecer liñas de protección e participación social. "O recoñecemento dunha paisaxe cultural pasa pola condición inexorable de que a sociedade asuma a existencia dun problema e a necesidade de cambio", asegura Crecente, "E a paisaxe de valor en Galiza está nas montañas".

O PRIMEIRO PASO: A TRANSVERSALIDADE

Belén Rodríguez



Belén Rodríguez

Estiveron presentes voceiros de Medio Ambiente, Sanidade, Turismo, Economía, Cultura, Medio Rural, Vicepresidencia e de dous gobernos locais, Triacastela e Samos. O obxectivo foi sentar as bases entre os distintos Departamentos administrativos para afrontar a problemática do Courel baixo unha estratexia política común de desenvolvemento na que se conserven os valores naturais da Serra, ao tempo que se favoreza unha vida digna para os veciños e veciñas da zona.

Mantéñense as intencións da Consellería de Medio Ambiente de declarar O Courel como Parque Natural, pero segundo o Subdirector Xeral de Conservación da Natureza, Roxelio Fernández, "vai ser un proceso lento, onde farán falla moitos acordos, sacrificios, recursos e asumir riscos por parte de todos...". Por iso, avoga pola necesaria transversalidade entre as consellerías e as distintas administracións. Proximamente, constituirase un Consello da Rede de Parques Naturais onde terán representación todas as Direccións Xerais con implicación nas zonas protexidas para mitigar esa falla de interacción. Roxelio Fernández asegura que o Parque Natural dotará á Serra dun plan de conservación específico, e non por iso máis limitativo, e "contribuirá a mudar o insostible modelo económico do Courel, conferíndolle unha marca de calidade". Serán 20.000 has de Parque Natural que xerarán ao menos 25 empregos públicos.

Na Consellería de Medio Rural comparten a necesidade de impulsar accións transversais no Courel onde ademais se

conte coa participación directa dos veciños do lugar. Vitor Álvarez, Xefe de Servizo de Infraestruturas en Lugo, e o seu análogo en Montes, Xabier Bruña, apostan por trasladar o debate á zona afectada e convir acordos coa poboación; por exemplo, con respecto á xestión dos

"O índice de envellecemento na zona é catro veces superior ao galego, máis do 40% da poboación ten máis de 65 anos: o Courel precisa urxentemente asentar poboación e uns servizos sociais continuados"

Montes Veciñais de Man Común (o 55% da superficie courelá protexida). Bruña sostén que Medio Rural apostará pola multifuncionalidade do monte para poder ofertar produtos e servizos aos lugareños da montaña e ao resto da sociedade.

Para o Subdirector Xeral de Turismo, Xabier Valiño, o Courel podería constituírse nun enclave natural atractivo para os visitantes, sempre que baseara a súa estratexia na diversificación de produtos, na etiqueta de calidade e na oferta de espazos naturais e rurais.

"Conseguir que a poboación courelá acade a convición de que o seu país é marabilloso, singular e digno de respecto" é o obxectivo da Consellería de Cultura, "porque tan só así os veciños poderán asumir certos cambios", segundo explica o Delegado en Lugo, Xoán Xosé

Todas as consellerías competentes na xestión do Courel tiveran representación na mesa de discusión sobre a procura de alternativas e solucións para a montaña courelá nas Xornadas "Por un Courel Vivo". É a primeira vez que se produce un encontro deste tipo para reflexionar sobre a situación ambiental, económica e social do macizo oriental.

Molina. Mais non existe un plano específico de Cultura para a zona, como tampouco o ten a Consellería de Economía. Desde o IGAPE, Carlos Silva resalta o programa "Emprendedores", coma un instrumento adecuado para satisfacer algunhas das necesidades de promoción económica do Courel.

Quizás sexa Vicepresidencia, Igualdade e Benestar, un dos organismos públicos con máis responsabilidade no Courel. Tendo en conta que a poboación courelá descendeu no último ano nun 3% e que o seu índice de envellecemento na zona é catro veces superior ao galego (máis do 40% da poboación ten máis de 65 anos), o Courel precisa urxentemente asentar poboación e uns servizos sociais continuados. Para iso, o voceiro de Vicepresidencia en Lugo, Antonio Sampaio, indicou que se están a establecer programas novidosos para a dotación de centros sociais, galescolas no rural e residencias no sur da provincia lucense.

Paralelamente, Cándido Sánchez da Consellería de Sanidade falou dos recursos que hai na zona para a atención sanitaria. Para el son suficientes un médico en Folgoso e outro en Seoane que atendan polas mañás e un Punto de Atención Continuada en Quiroga. Aínda así, as distancias e as deficiencias de acceso aos núcleos poboacionais do Courel dificultan presumiblemente a operatividade sanitaria.

Doutro lado, os voceiros dos gobernos temen que a Xunta delegue neles toda a responsabilidade cando o Courel se declare Parque Natural e haxa que comunicar á poboación certos cambios.

A TRADICIÓN E A VIDA NO COUREL

Adela Figueroa Panisse

Nun glorioso día de sol, que as follas debuxaban sobre as caras da xente e o solar augusto e milenario do Courel, celebrouse a festa tradicional do serrado manual. Unha serra de ar que voaba raspando a traba de carballo. As maos sabias guiaban o seu gume mellado. As maos dos homes sabios pousaban en fermosos asideiros de pau de buxo feitos polo carpinteiro que tamén controlaba o traballo. Todas e todos puidemos participar, para aprendermos a dureza e a sabedoría do oficio.

Estaba O Courel en todo o seu esplendor primaveral. Fervedoiras e cachóns no río, hortiñas loitando coa pendente, prados de rega e soutos revestidos coas follas novas da estación.

Polo medio e adobiando todo a poesía, de María Mariño e de outras/os poetas que se foran achegando convocados polos activos da Asociación Fonte do Milagre (Mercedes é unha forza imparábel da natureza....) que organizou a festa coa axuda de SOS Courel e participación tamén de ADEGA.

As serras de ar que traballan nas madeiras nobres que se crían nas nosas Serras interiores foran nese día celebradas. As primeiras feitas do ferro da terra, traballadas polos ferreiros e polos carpinteiros courelás. As outras traballadas polos labregos desde o fondo dos séculos. Todos elementos da Terra.

Visitemos o Courel, non como alleos, mas coa devoción que exige o respecto polo traballo, pola magnitude dos seus "tesos montes", pola fermosura e pola rica variedade dos seus produtos. Biodiversidade, Xeodiversidade, e Cultura danse a man nesta bisbarra en que Galiza se deita e repousa. Defendámola dándolle o noso incondicional apoio.

Terra matria do Courel que merece ser coidada, respectada e preservada, que se resiste a desaparecer baixo os barrenos que libran as vetas de lousa.



A festa do Serrado celebrouse en Ferrería Vella, no Pontón, o pasado 19 de maio, e contou cunha demostración de Serrado tradicional, a presentación do libro "María Mariño: Do mar de Noia á Serra do Courel", de Mercedes Vázquez Saavedra, comida e recital de poesía.

AS CANTEIRAS A CEO ABERTO: ILEGALIDADE E DESTRUCCIÓN

Daniel López Vispo*

Que o Courel é un espazo natural privilexiado de paisaxes e historia é algo evidente para calquera visitante. Pero O Courel, que participa da influencia das rexións bioxeográficas atlántica e mediterránea, é, por riba de todo, un espazo natural privilexiado pola súa diversidade de flora e fauna, de enorme interese ecolóxico e científico, e privilexiado tamén por toda a historia xeolóxica e xeomorfolóxica que se manifesta nas súas pedras de lousa e caliza e nas moduladas formas da súa paisaxe: pregues tombados, glaciario, periglaciario, meandros abandonados, ríos escavados, ríos que se ocultan, fervezas que espertan, covas, dolinas,... en fin, milenios da historia da terra resumidas nun espazo que ántergos poetas da toponimia chamaron Courel. E milenios tamén da historia da humanidade home moldeando esa paisaxe nun mosaico de múltiples espazos de alongada historia que hoxe aínda podemos admirar nas ruínas dos castros, nas pedras dos camiños, na enxeñaría das regas, nas feridas das minas, e, en fin, en todo o abundante patrimonio etnográfico de muíños, mazos, ferrerías e formas construtivas do Courel.



AS CANTEIRAS: DEGRADACIÓN SEN MEDIDA

Nun Courel empobrecido polo abandono, e abandonado por unha xente que, con todo dereito, buscaba na emigración unha mellor calidade de vida; nun momento no que o auxe da construción facía medrar a demanda de materiais, non tardaron as empresas da lousa en fixarse nas pizarras do Courel. Aparecen así as primeiras canteiras. Do seu impacto sobre o territorio, sobre os hábitats e sobre a paisaxe dan boa idea, na cunca do río Quiroga, as canteiras de Pacios da Serra e, na cunca do río Lor, a canteira de A Campa, con todo o seu territorio convertido nunha auténtica paisaxe lunar de furados e entulleiras: solo que se perde, hábitats que desaparecen, patrimonio que se destrúe, para no seu lugar deixar un territorio totalmente improdutivo.

Hoxe nas canteiras de Quiroga pouco queda que salvar, pero na cunca do Lor, -un río da Rede Natura, auténtico monumento natural de auga-, só está aberta aínda a canteira de A Campa: é moito o estrago feito, pero moito tamén o que se pode conservar.

A CAMPA: UNHA HISTORIA DE ILEGALIDADE, DESOBEDIENCIA E CHANTAXE

A historia desta canteira empeza en 1989. Cunha simple "autorización para

recursos da Sección A)" empeza a explotación de A Campa sen ter tramitado avaliación de impacto ambiental (xa existía o real decreto Lei 1302/1986) e sen licenza municipal. En 1991, as Normas Subsidiarias e Complementarias decláran ao Courel como espazo natural protexido e, neste ano, tamén sen licenza municipal, Cupire-Padesa constrúe unha nave industrial ao lado da zona de extracción. En 1995 hai unha primeira orde de paralización da Delegación de

"Cupire-Padesa, titular de A Campa, recorreu no Xulgado a inclusión do Courel na Rede Natura e presentou novas solicitudes de concesión, por un total de case 16.000 hectáreas"

Medio Ambiente que nin se obedece nin se fai obedecer. A orde repítese no 2001.

En 1999, o espazo natural de O Courel entra a forma parte da proposta galega para a Rede Natura 2000. A ilegalidade da canteira é agora máis manifesta, pero a actividade continúa. En 2002, cando se está redactando a nova Lei do solo, que prevía a prohibición da actividade mineira en solo rústico de protección de espazos naturais, Cupire-Padesa solicita a ampliación da mesma xunto coa conversión da autorización

para recursos da sección A) en concesión de recursos da sección C), co cal obtiña recoñecemento de utilidade pública e, con este, o dereito de expropiación.

En Abril de 2002, á consecuencia dunha denuncia do Seprona, a Dirección Xeral de Urbanismo volve a ordenar a paralización da actividade, sucesivamente recorrida e ratificada, ata chegar ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e ao Tribunal Supremo que, en febreiro do 2006, ratifican unha vez máis a resolución de paralización da canteira.

Paralelamente, -sempre desobedecendo as ordes de paralización-, Cupire-Padesa, por un lado, recorre no Xulgado a inclusión do Courel na Rede Natura, continúa coa tramitación ante Industria da ampliación da concesión e solicita, por outro, que se retire da proposta da Rede Natura toda a zona afectada pola canteira e presenta novas solicitudes de concesión, por un total de case 16.000 hectáreas.

De forma inexplicable, a Consellaría de Medio Ambiente formula, en marzo de 2004, Declaración de Impacto Ambiental favorable á ampliación da canteira e, en abril do 2004, accede á retirar da Rede Natura a zona solicitada polas empresas da pizarra. Conseguido isto, Cupire-Padesa inicia os trámites de legalización urbanística da canteira

ante a Dirección Xeral de Urbanismo en base á disposición transitoria decimosegunda da lei 9/2002, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galiza, que, de forma imposible de entender, acaba no acordo do Consello da Xunta do 21 de Xuño de 2007, de outorgarlle a autorización urbanística a esta canteira de A Campa, o que significa recoñecer "a compatibilidade da explotación cos valores naturais, ambientais e paisaxísticos existentes"

O ACORDO DA XUNTA: IMPOSÍBEL DE ENTENDER

O consello superior de urbanismo e o Consello da Xunta non poden alegar descoñecemento de todas as ilegalidades, desobediencias e chantaxes de feitos consumados de Cupire-Padesa neste expediente. Polo tanto, o acordo do consello da Xunta ven a constituir un exce-

"De forma imposible de entender, o Consello da Xunta do 21 de Xuño de 2007 outorgoulle a autorización urbanística a esta canteira de A Campa"

lente "premio" este proceder. Non é coherente coa actitude de firmeza coa que a Xunta está a enfrontar ás ilegalidades e irregularidades urbanísticas do noso litoral, con impactos non tan irreversíbeis coma os dunha canteira a ceo aberto.

O acordo do Consello da Xunta representa un moi grave precedente para esta zona do Courel, onde coinciden (sen incluír ás canteiras do concello de Quiroga) canteiras e solicitudes:

- a) a canteira de A Campa á que nos estamos a referir, con 18 cuadrículas (540 Has)
- b) a canteira A Ilusión, con concesión, -recorrida en alzada-, de 12 cuadrículas mineiras (360 has)
- c) a canteira CUPA II Fracción 2ª, con concesión, -recorrida en alzada-, de 9 cuadrículas nos concellos de Folgoso e Quiroga (270 Has)
- d) catro solicitudes máis de concesión derivadas do permiso de investigación, -de 214 cuadrículas-CUPA Segunda, de Cupire-Padesa, con un total de 67 cuadrículas mineiras, contando xa unha destas con declaración de impacto ambiental favorable nunha extensión de 4,2 Has.

- e) tres solicitudes de pase a concesión, derivadas do permiso de investigación Cupido de 88 cuadrículas mineiras, de Cupire-Padesa (2.640 Has).
- f) e un permiso de investigación (San Julián) de 216 cuadrículas (6480 Has) nos concellos de O Courel e Quiroga.

O acordo do Consello da Xunta representa tamén un grave precedente para outras canteiras na mesma situación de ilegalidade e paralizadas. É o caso, entre outras que podan aparecer, de

-canteira Os Agros, de Ingemarga, no espazo protexido do Xistral, paralizado cautelarmente polo xulgado de Mondoñedo;

-canteira Vetusta en Samos e o Incio, no mesmo espazo protexido de Ancares-Courel, paralizada polo alcalde de Samos, -á vista da denuncia penal no xulgado de Sarria presentada polo Seprona-, quen non fixo outra cousa que cumprir estritamente coas mesmas disposicións legais coas que a Dirección Xeral de Urbanismo ten ordenado varias veces parar a canteira de A Campa.

Representa, en fin, un grave precedente tamén na persecución das irregularidades e ilegalidades urbanísticas e

"Presentaremos recurso contencioso administrativo e confiamos en que a xustiza fará prevalecer o dereito ao medio ambiente e ao benestar por riba dos beneficios do negocio privado"

na aplicación da legalidade urbanística que a Consellaría de Política Territorial ten iniciado en todo o litoral. E constitúe unha ofensa a todos os cidadáns propietarios de solo en espazos protexidos que cumpren coas limitacións legais.

A POSICIÓN DE ADEGA

Para nós, O Courel, na diversidade da súa paisaxe e dos seus hábitats, nos seus recursos naturais explotados de forma sustentábel, nos seus produtos tradicionais, no seu patrimonio histórico, no seu patrimonio etnográfico e cultural, nos seus montes e nos seus ríos, no saber e esforzo da súa xente, ten recursos de moito maior valor económico, máis duradeiros e de maior benestar e calida-



Ramóns Pérez

de de vida que o que hoxe poden representar os ingresos das canteiras. A figura do Parque Natural, ben dotado de recursos económicos e ben xestionado, pode ser o vínculo de unión das oportunidades que O Courel pode xerar.

Adega reivindica, pois, o compromiso de todas as institucións cun Plano de Desenvolvemento Integral Sustentábel, con investimentos concretados, pensado para xerar novos postos de traballo, novas ilusións e novos recursos cos que substituír a actividade mineira de A Campa.

Os traballadores empregados na canteira A Campa non son responsábeis da situación de ilegalidade desta canteira, consentida polo Concello e as Consellarías de Industria, Medio Ambiente e Traballo. O Consello da Xunta debe preocuparse polo futuro destes traballadores potenciando esas novas vías de desenvolvemento compatibles coa conservación do Courel. A Xunta deberá enfrontarse a esta situación de ilegalidade herdada con outra imaxinación e outra vontade de defender o futuro do Courel.

Paralelamente, emprenderemos cantas accións legais estean na nosa man para acadar o peche da canteira tan pronto como ese reto do Plano de Desenvolvemento Integral comece a dar resultados. Trataremos de presentar recurso contencioso administrativo contra o acordo do Consello da Xunta, igual que logo no seu día o presentaremos contra a licenza municipal. E confiamos en que a xustiza nos acabará dando a razón, pois é moita xa a xurisprudencia que fai prevalecer o dereito ao medio ambiente e ao benestar por riba dos beneficios do negocio privado.

* Daniel López Vispo é vicepresidente de ADEGA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA

E DEPORTE

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural



Galiza é un gran museo ao ar libre
que nos pertence a todos.
Gozalo é un gran privilexio,
conservalo, unha obriga.

PATRIMONIO CULTURAL GALEGO
Mira por el

www.miraporel.org

Àngels Barceló

A VIVIR QUE SON DOS DÍAS.

Sábados e Domingos de 8.00 a 12.00 hrs.



PASE O QUE PASE
UN PASO POR DIANTE



espacio
sub
marino



a TUA REVISTA SUB FEITA DESDE GALICIA

PARA TODOS OS AMANTES DO MAR

www.espaciosub.com

CAMBIO CLIMÁTICO

A PAISAXE GALEGA DO INTERIOR TRANS-FÓRMASE NA DO DOURO PORTUGÉS

* Por Francisco Díaz-Fierros Viqueira

A problemática do Cambio Climático non é nova. O primeiro que a tratou desde unha perspectiva científica foi Arrhenius que en 1896 formulou: "Se o contido do carbono na atmosfera se duplica, a temperatura do clima aumentará en 4°C". Este dato é case unha rúbrica do último informe do Panel Internacional para o Cambio Climático (IPCC). Foi nos anos 1960-70 cando o problema do cambio climático comezou a transcender entre a comunidade científica. Nos anos 80 os termómetros rexistraron unha grande curva ascendente das temperaturas e, con este fenómeno, confluiron outros factores que fixeron mudar a opinión dos científicos, dos medios de comunicación e da opinión pública en xeral.



Con 2°C máis de temperatura, Galiza terá un territorio máis semellante ao da Beira Alta e da zona do Douro portugués (na fotografía).

OS INFORMES DO IPCC

As grandes secas do Sahel (1972-1984) e de EE.UU. (1988) foron o revulsivo que fixo xurdir o IPCC, unha institución creada pola ONU e a Organización Meteorolóxica Mundial na que arredor de 4.000 científicos de todo o planeta estudan a evolución do clima.

O primeiro informe do IPCC en 1990 non se atreve a ligar a actividade humana co quecemento do planeta. Cinco anos máis tarde, argumenta que o conxunto de evidencias dispoñíbeis suxire un certo grado de influencia humana sobre o clima global. En 2001 este organismo internacional aseverou por primeira vez a existencia de interferencias antropoxénicas perigosas no sistema climático e que a probabilidade de que estas foran causais era moi infima. E no informe deste ano 2007, o IPCC sentenza firmemente que "o quecemento do sistema climático é inequívoco, moi probablemente (o 90-99% das posibilida-

des) debido aos gases de efecto invernadoiro de orixe antropoxénica".

O CLIMA DOS ULTIMOS MIL ANOS

Se medimos a evolución da temperatura media nos últimos mil anos, observamos que desde 1850 ata a actualidade os termómetros marcan

"O quecemento climático é inequívoco, e moi probablemente debido aos gases de efecto invernadoiro"

unha subida a nivel mundial. Significativamente, as temperaturas estabilizáronse entre os anos 1940 e 1970, un período de incertidume para os científicos. Mais a partir dos anos 70 percíbese un remonte claro, definitivo e permanente da temperatura media global. Se comparamos esta subida coa precedente evolución constante da temperatura (incluso con tendencias á baixa) concluímos

que estamos ante un fenómeno climatolóxico anormal. E se comparásemos estes datos co que debería ser a evolución normal do clima, sen interferencias humanas, comprobamos que en todas as zonas do mundo existe un incremento aproximado de 1°C con respecto á evolución natural das temperaturas.

EVIDENCIAS DO CAMBIO CLIMÁTICO EN GALIZA

Os datos termométricos obtidos no Observatorio Meteorolóxico de A Coruña amosan un comportamento similar ás temperaturas rexistradas a escala mundial. A partir dos anos 70 o incremento da temperatura en Galiza é sostido, incluso con valores superiores á media global, ao situárense por riba de 1°C.

Con respecto ás precipitacións, aínda non hai datos anuais suficientes que permitan evidenciar unha variación significativa que se lle poida atribuír aos efectos do cambio climático.

Pero se tomamos como referencia algúns estudos estacionais feitos en Portugal (que se poden extrapolar a Galiza), atopámonos que nos meses de inverno as secas iranse pronunciando cada vez máis.

Analizados os datos fenolóxicos, que miden o momento da maduración dos froitos, a chegada das aves migratorias, os períodos de xeadas, etc, extraemos que a primeira xeadas (outubro-novembro) atrásase aproximadamente unha semana e que a última xeadas adiántase uns días, polo que o período sen xeadas en Galiza ampliouse nos últimos 30 anos. Isto pode favorecer o adianto da floración dalgunhas especies. Por este motivo, o tempo da vendima adiantouse 12 días en Galiza, seguindo a tónica doutros países europeos produtores de viño.

Outro dato curioso corresponde á influencia que o cambio climático está a ter nalgúns especies animais. Un estudo cromosómico da presenza dunda variedade da mosca "drosophila", adaptada ás altas temperaturas revela que esta especie está a predominar sobre outras variedades adaptadas a climas máis frios.

"A mudanza do clima trasladarase tamén á paisaxe e á vexetación. Vaticínase o dominio futuro da paisaxe mediterránea, con puntos illados de carácter temperado"

GALIZA NOS MODELOS DE PREDICIÓN

Para predicir a evolución global do cambio climático estúdanse varios horizontes socioeconómicos. Os máis interesantes son o A2 e o B2. O A2 prevé para o ano 2.100 unha concentración de CO₂ de 850ppm (120% máis que a actual) e un incremento das temperaturas de máis de 3°C de media, podendo acadar os 5°C nos puntos extremos. O B2 dá como resultado para o mesmo ano unha concentración de CO₂ de 760ppm (o dobre do actual) e unha subida media da temperatura de 2°C. O primeiro horizonte reflicte a situación futura de continuar a traxectoria actual de queceamento, e o segundo, responde a unhas condicións ambientais e sociais (de igualdade) máis exixentes, cara as que deberíamos tender.

En España estase a utilizar un modelo de predición rexionalizado, o PROMES, que estuda o territorio en celas de 50x50 km. Segundo este sistema, os invernos en Galiza serán 2-3°C máis quentes que na actualidade para o ano 2.100, e os veráns apuntarán cara dúas zonas ben diferenciadas en Galiza: no Sur o incremento será moi forte (5-6°C) e no Norte máis lixeiro (1-2°C).

En relación coas precipitacións, a diminución de chuvias que prevé o PROMES en Galiza non é tan clara. Aínda así, Ourense xa está a sufrir un déficit de precipitacións no verán de case 300mm.

CAMBIOS NA PAISAXE E NOS BOSQUES

A mudanza do clima trasladarase tamén á paisaxe e á vexetación. Arestora, en Galiza predomina o clima temperado fronte ao mediterráneo (pequenos enclaves). Pero tanto no horizonte A2 coma no B2 vaticínase o dominio futuro da paisaxe de clima mediterráneo, con puntos illados de carácter temperado. Habrá especies

Murguía, Revista Galega de Historia fica de cuarto aniversario.

Grazas a centos de subscritores e lectoras **Murguía** vai descubrindo a Historia da nosa nación, divulgándoa e poñéndoa en valor.


No último número aprésentase unha carta inédita dun galego na Revolución francesa, dous novos tipos de cruceiros, o nacionalismo galego e a esquerda na Transición. Staffan Morling e as súas achegas antropolóxicas e moito máis.

Colabora coa recuperación da memoria histórica do noso país.

Subscríbete!

Nome Apellidos
Enderezo
Localidade CP Teléfono
Solicita: Subscrición Máis Información

Enviar a **Murguía, Revista Galega de Historia**: Apartado de Correos 756 15.703 Compostela
ou secretaria@revistamurguia.com Teléfono 629.311.268



Por só 25 €/ano
un número cada 4 meses na túa casa!

www.revistamurguia.com

da actualidade que desaparezan a certas altitudes como as faias.

Por outra parte, os bosques (concebidos hoxe como sumidoiros de CO₂) pasarán a ser emisores de dióxido de carbono cando comencen a percibir temperaturas moi altas, na década 2050-2060. Outra consecuencia é que o índice mensual de risco de incendios forestais en España sufrirá un aumento do 30 ao 40% propinado por causas climáticas. Se o medimos en valores diarios esta porcentaxe duplicase.

IMPACTOS NA AGRICULTURA

O sector agrícola verase afectado negativa e positivamente. As terras perderán en fertilidade, sobre todo, aquelas que teñen materia orgánica débil como as de Ourense (menos do 3%) e algunhas partes de Pontevedra, precisando máis volume de regas. Porén, a falta de xeadas favorecerá algúns cultivos en Galiza, especialmente o viño. Estudos realizados na

"No Sur de Galiza os veráns serán 5-6°C máis quentes no ano 2100 que na actualidade"

zona videira do Rhim (Alemania) reveláanos que o cambio climático dotará a esa zona de mellores condicións para o cultivo de caldos tintos de calidade (ata o momento só produce castes brancas). Isto mesmo podería pasar en Galiza: as áreas de vide galegas estenderíanse, melloraría a calidade do viño de áreas hoxe marxinais (Betanzos) e, en zonas videiras consolidadas, afianzaríanse as castes tintas de calidade, como puideran ser *Merlot*, *Cabernet Sauvignon* ou *Chardonnay*. E mesmo no litoral cantábrico serían potenciais de cultivo algunhas castes de *Albariño*.

IMPACTOS NA SAÚDE

Os efectos do cambio climático sobre a saúde pública serán menos alentadores. Poderá influír na alteración da "temperatura de disparo", aquela que mide o índice de mortalidade en función das temperaturas máximas diarias. A maioría da poboación afectada será de máis de 65 anos.

CARA A ONDE IMOS

Territorialmente pasaremos a ser outra cousa. Se sumamos 2°C á tem-

peratura actual do interior de Galiza teremos un territorio similar ao da Beira Alta portuguesa e da zona do Douro. A temperatura media de Lugo será similar á de Vila Real (Portugal); a de Ourense, á de Pinhao; e a de Santiago, a Santo Tirso. Todas estas localidades teñen na actualidade un clima semellante ao que terá a Galiza do interior dentro de 50 ou 60 anos. Na costa non se puideron establecer aínda valores análogos polo efecto amortecedor do mar. A paisaxe forestal do interior comezará a ter especies vexetais máis propias do clima mediterráneo (oliveiras), haberá unha profusión importante de vexetación, a terra terá unha cor máis clara e, pro-

babelmente, a 1000 metros de altura tan só se vexan matogueiras. En cotas inferiores predominará a vide. En definitiva, serán cambios aos que os galegos e galegas nos teremos que adiantar, como fixemos noutras ocasións.

* Conferencia de Francisco Díaz-Fierros (Catedrático de Edafoloxía na USC) na Fundación Caixa Galicia, en Santiago de Compostela, o 5 de xuño de 2007, Día Mundial do Medio Ambiente. Transcrición e resumo por Belén Rodríguez.



Monografía nº 16 da serie ADEGA-Cadernos. Ed. ADEGA, Santiago de Compostela, 2006. 64 páxinas. ISSN: 1137-0262.

Coordinado por Manuel Soto e Xosé Veiras, inclúe os seguintes artigos:


"As emisións en Galiza de gases de efecto invernadoiro", por Ramón Varela Díaz, doutor en Ciencias Biolóxicas, "Os efectos do cambio climático en Galiza", por Francisco Díaz-Fierros, catedrático de Edafoloxía (USC), "A loita contra o cambio climático en Galiza", por Xosé Veiras García, ecologista, "O novo mercado europeo de dereitos de emisión e os seus efectos en Galiza", por Miguel Rodríguez Méndez, profesor do Dpto. de Economía Aplicada, Universidade de Vigo, "A xestión dos residuos biodegradábeis e o cambio climático", por Marta Domínguez, doutora pola USC, e "A loita pola representación social do cambio climático: unha reflexión para educadores", por Pablo Angel Meira Cartea, profesor do Dpto. de Pedagogía (USC).

"OS PROBLEMAS DE COMUNICACIÓN MÁIS GRAVES ESTÁN NA CIENCIA

FRANCISCO DÍAZ-FIERROS

Entrevista por Belén Rodríguez

Francisco Díaz-Fierros Viqueira é catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola na Universidade de Santiago de Compostela. Profundo coñecedor da Galiza rural, da súa cultura e do medio natural galego, é presidente do Seminario de Estudos Galegos e vicepresidente desde 2002 do Consello da Cultura Galega. É tamén coñecedor do nacemento do movemento ecoloxista galego (foi presidente da Sociedade Galega de Historia Natural e é colaborador de *Cerna* e *ADEGA-Cadernos*). Actualmente participa en diversas investigacións sobre o Cambio climático. É autor de *A Cuestión ambiental en Galicia: raíces dunha nova cultura* (Galaxia, Vigo 2006). O pasado xuño conversamos con el para *Cerna*.



- Que figuras destacaría na creación da conciencia ambiental en Galiza?

- Non houbo unha figura emblemática. En Galiza xurdiron dous ou tres problemas ambientais nos anos 70 que sensibilizaron á opinión pública, arredor dos cales apareceron personaxes destacados que incidiron moito na creación dunha conciencia ambiental (Francisco Bermejo, Domingo Quiroga...). Os vertidos nucleares fronte as costas galegas, os sucesivos accidentes de petroleiros, a repobación forestal con especies de rápido crecemento -coma o eucalipto- foron os grandes problemas ambientais deses anos. Antes dos 80 só houbo pequenos gromos do movemento ecoloxista, centralizados en causas concretas. Así sucedeu tamén no resto do Estado.

- E desde os anos 80, como evolucionou esa concienciación ambiental?

- A situación dos 80 non é comparable coa da actualidade. Daquela non había un pensamento común na opinión pública. Había grupos sensibilizados e activos e os medios de comunicación iniciábanse nesta temática aínda que non tiñan unha idea clara da súa reper-

cusión. Tras a acción ecoloxista e a primeira toma de contacto dos medios con temas ambientais xurdiu unha opinión global entre a xente. Actualmente, existe xa unha concepción ambiental xeneralizada sobre determinados temas e, incluso eu diría, na maioría das capas sociais. Aínda así, hai determinados aspectos do movemento ecoloxista que non acaban de conquistar a conciencia dos galegos e galegas.

- Como científico, ¿cal cre que debería ser a función dos expertos e investigadores na solución da problemática ambiental?

- A función dos investigadores é unha das pezas básicas coas que conta o movemento ecoloxista. Eu sempre dixen que as pezas fundamentais da conciencia-

"Hai determinados aspectos do movemento ecoloxista que non acaban de conquistar a conciencia dos galegos e galegas"

ción ambiental son 3: os movementos ecoloxistas, os científicos, que apoian cos seus datos estas accións, e os medios. Sen a participación dos medios, os outros dous factores non terían efectividade. Os científicos deben ter moi claro o seu papel. Non se trata de dar ditames serios e ben artellados sobre a cuestión ambiental e logo publicalos en revistas de grande difusión internacional. O científico do eido ambiental debe saber dialogar coa sociedade, a través dunha linguaxe achegada, coñecer os seus problemas e entrar no debate dos "foros mixtos" onde participen outros colectivos. Ten que traballar con métodos recoñecidos a nivel internacional pero tamén debe saber transmitir e, ás veces, renunciar a algúns aspectos dos seus coñecementos en función da demanda da sociedade.

- Está a funcionar a relación ciencia-ecoloxismo e ciencia-sociedade?

- De momento non, ou só o fai de xeito illado e circunstancial. Primeiro habería que potenciar o diálogo entre os propios científicos, o diálogo interdisciplinar do que tanto se fala, pero que non se está a potenciar. O que se está a facer é "sumar especialistas" sen chegar a unha linguaxe común. Un segundo paso consistiría en aprender a falar coa sociedade desde os eidos da ciencia, a través da divulgación científica, de foros de discusión e de debates mixtos.

"O científico do eido ambiental debe saber dialogar coa sociedade, a través da divulgación científica, de foros de discusión e de debates mixtos"

En canto á responsabilidade dos medios de comunicación, estes teñen as súas propias dificultades para transmitir a linguaxe científica e uns formatos predeterminados que, ás veces, non encaixan con este tipo de información. Porén, creo que os medios están a facer esforzos moi serios para mudar esta situación que se verá nun futuro.

Pero os problemas de comunicación máis graves están no mundo da ciencia, xa non na formación dos científicos, senón na propia estrutura da investigación científica que nos últimos 5-10 anos deixou de potenciar o achegamento cara a sociedade.

- No seu último libro, "Cuestión ambiental...", a qué se refire co termo de "nova cultura"?

- Existe a grande Cultura e, dentro dela, as culturas especializadas. Unha cultura é un grupo de persoas que utiliza unha linguaxe, uns métodos e uns coñecementos propios e que ten representacións sociais específicas e un imaxinario colectivo que lle pertence. Todo isto teno a cultura ambiental.

Unha provincia que medra



E con ela o firme *compromiso* que, dende
longo tempo atrás, nos vincula con ilusión,
aos seus lugares e as súas xentes.


Para seguir medrando xuntos



DEPUTACION DA
CORUÑA

INCENDIOS FORESTAIS E BANCO DE TERRAS

Alfredo Suárez Canal*



A NECESIDADE DE CAMBIOS ESTRUCTURAIIS

Para nós o poder é unha palanca de transformación, non é un fin, é un instrumento para actuar sobre a base material, sobre as súas infraestruturas, sobre a natureza no caso do medio rural e sobre a relación das persoas coa natureza. Partimos dunha concepción estratéxica e de futuro do Medio Rural en Galiza.

Recollemos unha situación con debilidades e fortalezas, na que todas e todos percibimos a desvalorización da profesión da xente con actividade no rural, con regresión de explotacións e tamén de asentamentos de actividades non rurais. Estamos diante dun problema demográfico de enorme magnitude que nos obriga aos gober-

nantes a mudar a situación. É un problema que levará moito tempo corrixir, máxime se neste momento non poñemos as bases para modificalo.

A nosa é unha aposta na que pensamos que o medio rural galego ten que ser valorado polo conxunto da sociedade. Un medio rural ben dimensionado, equilibrado e no que se aproveiten as súas posibilidades, non pode ser síntoma de atraso. Os países importantes do planeta teñen hoxe unha valoración estratéxica do aproveitamento e fomento das potencialidades do seu medio rural. Neste prodúcense dous elementos moi importantes no pasado e que tamén o son para o futuro: os alimentos e a madeira.

Nós estamos nunha zona privilegiada onde temos a posibilidade de producir alimento e madeira de gran calidade e de facelo de xeito moi diverso, sen monocultivos no aspecto forestal nin no agrogandeiro. Apostamos por mudar as tendencias, a percepción do rural pola sociedade e por intentar que a xente que se dedique á actividade no rural perciba rendas dignas. Para iso, son fundamentais cambios estruturais; só estes poden acabar modificando as tendencias a medio prazo. Estamos decididos a facelo. Sabemos que no noso país, incluso por tradición, houbo cambios estruturais de grande calado. É posíbel que os anteriores gobernantes xa pensaran neles, mais non tomaron a decisión política de afrontar eses cambios polas dificultades que supoñían levalos á práctica. Aínda con toda esa dificul-

Os efectos do cambio climático abundan para xustificar cambios estruturais no eido forestal.

tade, agora estamos empeñados en plasmalos na realidade.

Falaremos de dous deses cambios estruturais, que son só o primeiro chanzo doutros cambios futuros. Un deles, a lei de incendios, ten que ver co monte, coa súa valorización e coa súa relación cos asentamentos rurais. O outro, a lei do Banco de Terras, ten que ver con poñer en valor todo o potencial agrario e gandeiro no noso país.

LEI DE PREVENCIÓN E DEFENSA DOS INCENDIOS FORESTAIS

Temos un monte que poderíamos cualificar como escasamente valorizado, ordenado e coidado e que ademais padece unha lacra ano tras ano de 10.000 incendios forestais de media e de 30.000 a 40.000 Has anuais de media ardidias, e que o ano pasado tivo un pico moi importante (máis de 90.000 Has queimadas). Nós temos a

seguridade rotunda que estes 10.000 incendios anuais son produto da man do home. Temos moito que facer porque non estamos dispostos a asistir á continuidade desta situación como se os galegos ou as galegas tiveramos un xene que levara implícito aceptar a convivencia con este tipo de actividades pirómanas ou negligentes. Polo tanto, propoñémosnos cambiar a política forestal, e as verbas que sintetizan o que queremos facer son "ordenación", "coidado", "valorización" e "prevención". Cremos que é importante ordenar o monte para que produza moita máis riqueza. Son 2 millóns de

A Lei de Prevención e Defensa dos Incendios Forestais foi concebida para investir os recursos económicos en producir riqueza e non en apagar lumes, como ata agora. As verbas que sintetizan o que queremos facer son "ordenación", "coidado", "valorización" e "prevención".

Has, das cales están escasamente ben valorizadas 40.000 Has, e o resto está nunha situación de crecemento desordenado, sen valorizar e con escaso potencial.

Eu poño sempre un exemplo: os galegos e galegas temos a sensación de que vivimos no país de carballos e castiñeiros. Cando eu cheguei á Consellaría quería saber onde están os soutos e as carballeiras ben coidados, ordenados, coas prácticas silvícolas apropiadas, producindo madeira de calidade, de fuste de 5 ou 7 metros. Practicamente non existen. Galiza é o país dos soutos e as carballeiras, mais se nós traemos a unha persoa de fóra e queremos ensinarlle esa Galiza, non temos que mostrarlle. E esa madeira ten un valor importantísimo en toda actividade industrial, de transformación. Estamos nun país que pode producir esa madeira pero, curiosamente, non a temos. Este é un indicador de como se orientou a política forestal, obtendo un resultado non satisfactorio.

Polo tanto, pensamos que temos que actuar no monte a medio e longo prazo. As árbores de ciclo curto teñen turnos de corta de 12 a 15 anos, e as de ciclo longo, de 30 anos. Hai que

Ramsés Pérez



actuar agora. Chámame moito a atención que en Galiza non existira un instrumento normativo de primeiro nivel ou unha lei que intentara modificar e corrixir estruturalmente a situación dos incendios. Non procurar este tipo de instrumentos é como instalarse na rutina desta realidade e renunciar ao intento de mudala.

A nova lei parte de tres conceptos básicos: a) o monte está hoxe infrautilizado e ten baixa rendibilidade, b) a maior parte das parcelas do país teñen unha base territorial de escasa dimensión, con moito minifundismo, c) a política forestal precedente levou ao predominio do eucalipto e do piñeiro, e mesmo de variedades clonais de pouca rendibilidade económica dentro destas dúas especies.

Temos claro que existe a posibilidade de ordenar e planificar o monte galego; que hai posibilidade de crear instrumentos de xestión que permitan a valorización dese monte a través de agrupacións de propietarios; que é moi importante poñer en valor o potencial diverso coa presenza de madeiras de calidade e a aposta na investigación e formación por esas madeiras de calidade; que é necesario dar un salto grandísimo no tratamento silvícola desas masas forestais, con formación profesional; que compre valorizar a biomasa residual producida destes tratamentos silvícolas de moi diversas maneiras; que compre incentivar a diversificación industrial, para pechar os ciclos en Galiza, que non podemos permitir que a industria de segunda transformación sexa só o 10% do total

estatal, cando aquí producimos o 50% da madeira do Estado.

Temos claro que hai que crear un novo modelo de prevención e defensa contra os incendios forestais, onde a actividade preventiva sexa a que prevaleza nos vindeiros anos. Sabemos que no futuro seguirá habendo incendios forestais de tipo accidental, pero queremos que unha parte importante dos recursos económicos estean destinados a producir riqueza e non a apagar lumes como ata agora. Ese é o motivo fundamental que orientou á Lei

Son fundamentais cambios estruturais para que a xente do rural perciba rentas dignas e para que a percepción do rural pola sociedade

de Prevención e Defensa dos Incendios Forestais. Os delinquentes que prenden lume son, basicamente, a causa dos incendios. A Administración e as Forzas do Estado deben perseguilos de forma moi intensa, pero tamén a sociedade, porque os incendiarios están a matar a biodiversidade e, en moitos casos, producen danos ás propiedades e ás vidas.

Os obxectivos básicos da lei son: ordenar, regular os aproveitamentos do monte, establecer condicións para a protección dos asentamentos rurais, regular as repoboacións forestais, incentivar a creación de unidades de xestión sustentábel e regular a redacción dos distintos planos de prevención e defensa contra incendios. A partir de aí, na lei contémpanse os crite-

rios fundamentais para o desenvolvemento da mesma: a corresponsabilidade na xestión, unha relación racional entre o medio rural e o monte, a organización da silvicultura produtiva, o reforzo das estruturas de produción, os cambios na política forestal para valorizar o monte e reducir as especies con alta combustibilidade e, dende logo, reforzar a vixianza.

Artéllanse na lei distintos planos, tanto o Plano Galego coma os específicos que se fagan en cada monte. As principais funcións do Plano Galego serán de prevención, de coordinación de todos os dispositivos, de establecemento dos procedementos dos planos (galego, municipal), e de participación das distintas comunidades e particulares.

É moi importante que os incendios forestais non acaben converténdose nun problema de seguridade cidadá e de orde pública. As parcelas terán que ter infraestruturas preventivas e de coidado ao seu redor. Na lei fíxanse os perímetros de protección e os traballos de silvicultura a realizar, de limpeza e xestión de biomasa, e tamén o tipo de

Na lei fíxanse os perímetros de protección e os traballos de silvicultura a realizar, de limpeza e xestión de biomasa, e tamén o tipo de especies e a que distancia se poden plantar próximas aos núcleos urbanos, etc

especies e a que distancia se poden plantar próximas aos núcleos urbanos, etc.

AS ÁREAS DE XESTIÓN DO MONTE


Un dos aspectos moi importantes que contempla a lei e que significará un antes e un despois na valorización do monte son as áreas de xestión do monte. Abordamos con isto un dos graves problemas que ten a propiedade, o seu fraccionamento. Seguramente moitos de vós coñecedes o que son as áreas de reparto no mundo urbano. Un plano xeral de ordenación determina que unha zona é unha área de reparto onde os propietarios do 50% da superficie poden, atendendo ás normas e ordenamento vixente, determinar que é o que se vai facer nestas zonas, e o resto dos pro-

prietarios entran con cargas e beneficios sen dificultar o proceso. A lei crea áreas de reparto do monte, nas que se posibilita o tratamento dunha superficie superior a 15 Has, coa condición de que alomenos os propietarios da metade desa superficie estean dispostos a facelo. Hai comunidades de montes nas que a multitude de propietarios non se coñece, están fóra ou desentenderonse... Esta lei acabará con ese problema, a estrutura da propiedade non será un hándicap que impida o desenvolvemento do monte.

Con estas unidades de xestión, podemos potenciar a diversidade forestal en madeiras de calidade que permitan os cambios estruturais. Por exemplo, en 500 has podemos facer un plano de ordenación con turnos diversos de corta, con presenza de especies de ciclo curto e longo, con frondosas e caducifolias. Imos ter un instrumento de xestión financeira que permitirá aos propietarios o adiamento de rendas, en función da propiedade que teñan, xa no segundo ou terceiro ano de xestión. A propiedade non se vai ver afectada. Queremos poñer en marcha exemplos experimentais que modifiquen a orde-

Faixas de prevención e de protección

A Lei establece a obrigatoriedade da limpeza das faixas de protección nos núcleos de poboación.



Ao longo da rede de autoestradas, autovías, vías rápidas e estradas deberase reducir a biomasa venenosa na zona de dominio público. Na rede ferroviaria reservaranse faixas de 8 metros; nas autoestradas reservaranse faixas de até 15 metros; nas estradas até 8 metros e no caso de vías e camiños forestais actuarase sobre os arbustos nunha faixa de dous metros.

nación dos montes e a relación do medio rural co monte, a presenza máis plural de especies e a valorización dese monte. A finais deste ano ten que haber xa proxectos redactados que nos permitan dicir que é o que queremos facer en cada unha das catro provincias.

Na lei tamén se contempla todo o referido ás prácticas de risco nos montes (por exemplo, a regulación de queimas controladas). Temos que ter en conta o cambio climático e as circunstancias difíciles que están pasando noutros lugares como Australia ou EE.UU. (grave afectación de vidas). Por iso, debemos mudar a estrutura do noso monte, incluso coa previsión de que ese cambio climático poida ter circunstancias peores para a proliferación dos incendios. Hai que ir dando pasos para que os incendios non acaben destrozando o país.

Ademais estamos a impulsar instrumentos públicos moi relevantes, incentivos, axudas, sancións... necesarios para promover este cambio cultural e social que requiren esforzo e tempo. Este ano establecemos un plan de choque importantísimo onde se están limpando máis de 220 concellos do país a unha media de 10-15 núcleos de poboación de cada concello. Isto significará que os núcleos máis importantes de poboación estarán preservados dos incendios antes do verán, ao menos en canto a propiedades e vidas. Esta actuación vai afectar a 2.200 núcleos de poboación, mais en Galiza temos 35.000, e resolver o problema require involucrar a toda a sociedade.

Cando falamos de "coidar do monte" non significa que o queiramos converter nun xardín. O monte ten unhas funcións medioambientais fundamentais, mesmo como sumidoiro de CO₂. En moitas zonas onde non hai vexetación de ningún tipo temos que aspirar a unha vexetación de valor ambiental relevante.

Concluindo, estes serían os elementos nucleares da lei que acabamos de impulsar. A acción do goberno non é xestionar o que hai, seguindo unha rutina coa que estaríamos abocados a ter complicacións cada vez máis graves. A evolución que está a experimentar o cambio climático abondaría como motivo para modificar as pautas estruturais.

A LEI DO BANCO DE TERRAS

Outro instrumento fundamental posto en marcha é a modificación da actual situación da superficie agraria útil en Galiza que agora está no trámite parlamentario final. Nos últimos anos, en Galiza abandonáronse multitude de explotacións e ricas terras con vocación para a produción agrícola e gandeira. Nesta últimas, mesmo se ten incentivado o uso forestal, existindo abondosos montes onde se podían plantar árbores.

Iso acaba provocando situacións curiosas: ao lado de explotacións de leite que precisan base territorial para favorecer rendementos, para abaratar custes e para mellorar a renda da xente que está vivindo dela, plántanse especies de crecemento rápido e de alta combustibilidade (como eucaliptos) con diñeiro público en terras de persoas que

A lei crea áreas de reparto do monte, nas que se posibilita o tratamento de superficies de máis de 15 has, coa condición de que alomenos os propietarios que detentan a metade da propiedade estean dispostos a facelo.

abandonaron a actividade agraria. Isto deriva en problemas na rendibilidade da explotación e nun forte risco de incendios.

Queremos ordenar o territorio: a superficie agraria con vocación produtiva tense que poñer a producir. E para iso, creamos un instrumento que queremos que modifique as estruturas. Non queremos asistir resignadamente ao que ven pasando nos últimos 15 anos. A superficie agraria útil das explotacións entre 1987 e 1997 pasou de 710.000 Has a 622.000 Has. Perdemos neses anos, aproximadamente 100.000 Has de terras cultivadas, que foron abandonadas ou mesmo se forestaron con subvencións. Desde o ano 97 o proceso seguiu crecendo negativamente ata a actualidade. Non queremos asistir resignadamente a isto.

Pensamos no Banco de Terras coma o instrumento que modifique esta situación estrutural. A continuación,



Alfredo Suárez Canal:

"Non queremos asistir resignadamente ao que ven pasando nos últimos 15 anos. A superficie agraria útil das explotacións entre 1987 e 1997 pasou de 710.000 Has a 622.000 Has".

respondemos ás preguntas que se formulan con respecto a esta lei.

Para qué o Banco de Terras?

Nun país coma o noso, cun medio rural riquísimo e con xente que precisa base territorial para as súas explotacións, non nos podemos permitir o luxo de ter superficie agraria abandonada, inculta e improdutivo. Polo tanto, poñamos en valor todas as terras con actitude agraria para aumentar de forma colectiva a riqueza do país. Recuperemos a perda da superficie agraria, melloremos e ampliemos a base territorial das explotacións, evitando a grave situación de abandono que acaba producindo risco de lumes.

Para quen?

Para o conxunto da sociedade. A riqueza producida vai ser colectiva; pero sobre todo está pensada co gallo de: ampliar a base territorial das explotacións existentes, propiciar a primeira instalación de agricultores mozos e mozas que precisen terreos cultivábeis, reforzar a superficie das cooperativas, establecer a actividade agraria en zonas afectadas -sobre todo para intentar frear o éxodo do rural-, e mellorar as explotacións xestionadas por mulleres ou colectivos con circunstancias excepcionais.

É importante ter en conta que a produción de leite en base á utilización máis intensa da terra, acaba producindo leite de máis calidade, mellores rendas para os produtores e menos dependencia de concentrados e insumos externos



que acaban deteriorando as súas rendas. Estamos, polo tanto, estimulando un mecanismo tamén para dignificar a renda dos agricultores.

Con que medios?

Un fondo de terras: todas esas terras incultas, infrautilizadas e algunhas incluso de titularidade pública, van nutrir esa posibilidade. O banco de terras vai ser un órgano de intermediación coa garantía da Administración e cunha comisión de prezos de carácter neutral que impida mecanismos especulativos.

O banco de terras vai ser o intermediario entre o propietario que arrende as terras e o agricultor que necesite terreo produtivo, polo que pagará unha renda. Esta metodoloxía actualmente non funciona adecuadamente, se o fíxese non teríamos que actuar desde a Administración. A causa do mal funcionamento é a situación social de moita xente, polo medo a perder a propiedade e tamén pola escasa garantía de percibir o aluguer. Pídense prezos abusivos e os titulares das explotacións que necesitan base territorial para ampliar as súas explotacións non poden asumir eses prezos. Agora haberá un mecanismo de carácter público onde se van poder inscribir as fincas da xente que participe e onde os agricultores van poder solicitalas.

Será un mecanismo áxil que prevé arrendamentos de entre 5 a 30 anos. Para que sexa rendíbel, establécese un mínimo de 5 anos, podendo ser máis se o arrendador ten vocación de prorrogalo ou de chegar a acordos co arrendatario.

Que garantías vai haber?

A través deste instrumento, a Administración pública garántelle ao propietario a conservación da súa propiedade, a devolución das terras en normal estado de uso (unha vez vencido o contrato de arrendamento) e a percepción das rendas aínda no caso de que o arrendatario non pague o aluguer. O contrato de arrendamento formalizárase no Bantegal, este recibirá o diñeiro do arrendatario e pagarallo ao propietario.

O fondo de terras

Partimos dun feito real: existe oferta potencial. Hai fincas abandonadas no rural, poboacións envellecidas sen perspectiva de relevo xeneracional e explotacións que demandan base territorial

O banco de terras vai ser o intermediario entre o propietario que arrende as terras e o agricultor que necesite terreo produtivo, polo cal pagará unha renda. O propietario deberá ter as fincas ordenadas e cultivadas ou inscritas no Bantegal.

para mellorar as súas rendas e incrementarse.

O fondo de terras vai incorporar: fincas de propietarios particulares que sexan inscritas no banco de terras, sobrantes de masas comúns, de concentracións parcelarias, propiedades que ten ou poida adquirir a Comunidade Autónoma, terreos de titulares desco-

ñecidos, algunhas terras de montes veciñais en mancomún, etc.

O órgano de xestión vai ser o Bantegal, unha sociedade de intermediación que dará garantía pública aos que participen no intercambio. Vai facer labores de asesoramento, facilitará o acceso á terra das explotacións que queiran aumentar a súa base territorial e favorecerá a venda, permuta ou cese das terras. Disporá ademais dun mecanismo para evitar movementos especulativos e asegurará unha valoración conforme ao prezo da terra agrícola. Calquera propietario poderá solicitar a cesión da súa finca ao Banco de terras.

Como se mobilizarán as terras abandonadas?

Destá forma identificaremos onde está realmente a oferta e demanda durante un período de 10 anos. Na zona onde detectemos unha oferta potencial, os propietarios deberán ter as terras ordenadas e cultivadas ou inscritas ao Bantegal. Quen non teña a terra en cultivo ou limpa e forme parte dunha superficie que a Administración cualifique de vocación agraria útil ou zona de actuación de banco de terras, comunicáraselle nun tempo prudencial a necesidade de inscribila no banco de terras. Se non o fai, o propietario estará obrigado a pagar polo abandono da terra. Pola contra, unha vez que teña a terra inscrita ao banco de terras, o propietario quedará automaticamente exento desa obriga.

* Resumo da conferencia impartida por Alfredo Suárez Canal, Conselleiro do Medio Rural, o pasado 20 de abril na Facultade de Ciencias da Universidade de A Coruña.

CARA UNHA XESTIÓN FORESTAL SUSTENTÁBEL

Fins Eirexas*

INVENTARIO FORESTAL

Na derradeira década a superficie forestal arborada aumentou un 36% até acadar 1.425.000 ha, o que representa o 48% da extensión total de Galiza, e chega até o 68% se contabilizamos tamén o monte baixo (datos do Terceiro Inventario Forestal Nacional 1997-2006). Destas masas, preto de 1 millón de hectáreas están ocupadas por explotacións forestais dedicadas ao monocultivo de piñeiro e eucalipto. Estas explotacións non poden considerarse bosques propiamente ditos xa que a variedade de especies e de pisos de vexetación, alén da diversidade zoolóxica asociada, é moi pobre en comparación coa que presentan os bosques naturais. Pola contra, a superficie ocupada polas frondosas autóctonas representa pouco menos dun terzo do total, incluído o arborado disperso e os bosques de ribeira.

A RENDABILIDADE DA MADEIRA

Estes datos reflicten unha situación fortemente anómala non só en canto á distribución de especies, senón tamén no tocante ao seu aproveitamento. De todos os recursos madeirables presentes no monte que son aproveitados comercialmente, preto do 85% corresponden ao piñeiro e ao eucalipto. Isto dá unha idea do enorme sesgo produtivo que existe nos nosos montes a favor das especies pirófitas de baixo valor engadido. Este feito acada a súa auténtica dimensión cando temos en conta que os outros usos primarios do monte, fóra da explotación da madeira, como o apro-

veitamento dos froitos, fungos, caza, pesca continental e cama para o gando, só supoñen o 7,5% do total dos ingresos que produce o monte.

A produtividade –e por tanto a rendibilidade– desta madeira está por debaixo da acadada noutras comunidades con menor superficie arborada. As existencias de madeira en pé por hectárea en Galiza son de 86,5 m³/ha, mais estas cifras son superadas en Navarra (121,7 m³/ha), Cantabria (116,6 m³/ha), Canarias (90,1 m³/ha) e Asturias (88,5 m³/ha). É dicir, o as explotacións forestais de Galiza, presentan unha insuficiente densidade arbórea, unha baixa capitalización, e especies frondosas de baixa condición madeirável.

A ESTRUCTURA DA PROPIEDAD

Outro factor de distorsión que contribúe a afastar a xestión dos montes galegos da sustentabilidade é a estrutura de propiedade da terra: a maioría (68%) pertence a propietarios privados, o 30% son montes veciñais e tan só o 2% son de titularidade pública. Esta última é unha superficie moi cativa en comparación co 35% de media na UE. Precisamente, esta reducida presenza do sector público é un factor que dificulta a introdución de novos modos de produción e xestión, alternativos ao monocultivo de pirófitas, que deberían servir de referencia para as comunidades de montes. Os montes en man común, coa súa particular estrutura de propiedade que favorece o vencello coa terra, son elementos chave para acadar


unha xestión sustentábel do monte galego.

OS INCENDIOS FORESTAIS

Estes, xunto con outros factores de natureza socioeconómica e mesmo política, conforman as causas estruturais que están na orixe dos incendios forestais. Por iso, ADEGA entende que para reverter a situación de altísima sinistralidade dos montes galegos (750 lumes por cada 10.000 hectáreas en 2006, fronte a unha media de 4,5 para o resto das comunidades do Estado, é preciso atacar estas causas estruturais que favorecen a aparición dos lumes, paralelamente a unha nova ordenación do territorio que fixe poboación no medio rural, e a promoción de modos de aproveitamento alternativos ao monocultivo de pirófitas.

A PREVENCIÓN COMO ATAQUE

A este respecto, a intervención dos poderes públicos é fundamental para reverter a situación que vimos arrastrando dende hai anos. As accións preventivas nas actuacións específicas de loita contra o lume deberían ter máis peso. O fracaso dos planos INFOGA, que non conseguiron sequera estabilizar o número de lumes durante estes anos, apunta tamén á necesidade dunha reorientación dos novos PLADIGA para contemplar dende unha perspectiva transversal e de xeito desestacionalizado a loita contra os incendios. Se os lumes non son un problema sectorial, o combate institucional ten que implicar a todos os departamentos e corpos da administración con



Ramsés Pérez



intereses e competencias na materia, alén de abrir as portas da colaboración activa á sociedade civil.

Por outra banda, outra xestión forestal, máis sustentábel dende o punto de vista ecolóxico, social e económico, non só é posíbel senón que resulta imprescindible e inaprazábel logo do acontecido no 2006.

OUTRA XESTIÓN FORESTAL

A aposta do goberno galego por un novo modelo de xestión forestal, ligado á terra e fixador de poboación no medio rural debe ir máis aló do aumento das axudas e subvencións. Débese rachar coa cultura do subsidio que contribuíu a perpetuar as vellas estruturas clientelares e amosar á sociedade, e en particular ao sector, que é posíbel abandonar un modelo en parte responsábel do empobrecemento económico, social e ambiental do medio rural galego. Para isto, as administracións teñen que dar exemplo e amosar a viabilidade desas alternativas: con medidas lexislativas e proxectos concretos que busquen desenvolver as potencialidades do monte e poñer en valor os seus recursos.

Neste senso, o aumento da superficie de monte público, hoxe residual, debería servir para poñer en práctica iniciativas novidosas. Unha destas iniciativas debería ser a certificación forestal, promovendo con rigor o selo FSC (Forest Stewardship Council), co obxectivo de estender no sector o uso de prácticas respectuosas coa terra. Especial atención deberían merecer as comunidades de montes, imprescindibles para que esta transformación sexa real, coas que se debería afortalar a colaboración a través da figura do monte conveniado, cun asesoramento técnico e económico encamiñado a unha maior profesionalización e corresponsabilidade dos seus membros.

NON AO EUCALIPTO

Para os movementos conservacionistas o fomento do bosque autóctono vai sempre da man da loita contra a extensión do eucalipto. A despreocupación e mesmo

a promoción da extensión desta especie en Galiza caracterizou a política forestal da anterior administración. Circunstancias coma a caída do prezo desta madeira, a retirada das subvencións públicas e a grave incidencia que a praga do *Gonipterus* está a ter en practicamente todo o país, fai que na actualidade o seu cultivo sexa case un negocio ruinoso. Por iso, ADEGA demanda da administración a elaboración dun novo Plano Forestal (o actual data de 1992) con criterios sustentábeis, que sente as bases dunha nova política forestal para o século XXI. Neste documento, alén da aposta decidida polas árbores autóctonas, dunha xestión multifuncional e da diversificación dos aproveitamentos do monte, debería facerse especial fincapé no control da expansión do eucalipto.

A este respecto, preocúpanos que no recente Decreto 105/2006 de medidas preventivas contra o lume, se deixe a porta entreaberta para poder subvencionar as plantacións de eucalipto. Así no artigo 27.2.A que trata da regulamentación das repoboacións, recóllese que para as especies de crecemento rápido (*Eucaliptus* e *Populus*) a distancia mínima ás vivendas debe ser de 50m, pasando a 100m se se quere optar a axudas para repoboacións. Tería sido máis acaído e clarificador non facer referencia a esta "bonificación" por distancia, porque implicitamente recoñécese a posibilidade de que as subvencións vaian precisamente ás repoboacións con *Eucaliptus* e *Populus*.

Con todo, ADEGA acolle moi favorablemente as medidas contidas neste decreto contra os incendios en Galiza. Pero, botamos de menos unha maior ambición e sobre todo unha maior claridade á hora de pecharlle as portas ao eucalipto.

A BIOMASA RESIDUAL

O recente anuncio das consellerías do Medio Rural e Industria de promover a construción de centrais de biomasa como destino para os subprodutos do monte, dentro do Plano Técnico de Aproveitamento Enerxético da Biomasa, semella unha idea interesante. Pero a utilización da biomasa para producir enerxía, malia a facer uso dun recurso renovábel, non está exento de impactos ambientais. A súa combustión para producir electricidade ou calor, alén de emitir CO₂, podería converterse nun obxectivo en si mesmo, ao servizo dos intereses das transnacionais da enerxía, tal e como ocorreu coa enerxía eólica.

Cumpriría diversificar o seu aproveitamento para facer da compostaxe o destino principal destes materiais, contribuíndo ademais a devolver ao solo parte da materia orgánica que detraemos del e recuperar a fertilidade dos chans empobrecidos polos lumes. Ademais, o mato cumpre unha importante función ecolóxica no monte, e a máxima de manter os montes limpos debería substituírse pola de ter a floresta coidada, isto é, aproveitar só os recursos (restos de cortas e clareos, rexeites de serradoiros...) que non comprometan o equilibrio ecolóxico dos ecosistemas forestais. Recuperar esta materia orgánica mediante a compostaxe, aproveitando ademais outros recursos problemáticos coma as lamas de depuradora para elaborar un abono de calidade, debería ser unha prioridade para os proxectos de aproveitamento da biomasa forestal.



* Fins Eirexas, secretario executivo de ADEGA, representou a ADEGA e á FEG no derradeiro Consello Forestal.



galiciacalidade
cos ollos pechados

www.galiciacalidade.es



Só os mellores produtos e servizos se elixen cos ollos pechados.
En Galicia Calidade seleccionamos as marcas de maior prestixio.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

VOLUNTARIADO EN DEFENSA DOS NOSOS MONTES

Xosé Ares*

Os montes galegos sufriron o pasado ano unhas "agresións" ambientais tan graves que tardarán moitos anos en recuperarse. A vaga de lumes a que por desgraza tivemos que asistir foi de tal dimensión que se acenderon todas as alarmas sociais. Houbo moita reflexión ao redor desta problemática que ven de lonxe; un monte descoidado, un monte mal estruturado, un monte cheo de especies non autóctonas, a industria forestal... pero falta un elemento que é o desencadeante da traxedia: o home.

Non hai que esquecer que o monte por moitas especies pirófitas que en el haxa non arde por si mesmo, sempre atopamos a man do home en cada un dos lumes que comezan. Pode ser por un descoido, por desleixo, por mala fe ou por pura tolerancia, pero sempre está o home como nexo de unión de todas elas.

O problema non remata cando se apaga o lume, continúa coa degradación do ambiente, coa destrución do ecosistema, os "lavados" das ladeiras que se quedan sen solo para permitir a rexeneración vexetal e polo tanto, lonxe de absorber as augas de choiva, déixanas correr libremente, o que supón un problema engadido cando estas ladeiras de montes albergan poboacións.

O voluntariado en defensa do monte galego nace en resposta pero, tamén, para anticiparse a todas e cada unha destas problemáticas. Entre xullo e setembro realízanse labores de intendencia e apoio

contra o lume, unha vez superada esta fase pásase ás tarefas de reforestación e recuperación ambiental que vai desde outono ata abril. Por último temos os dispositivos de vixilancia que entroncan directamente coa campaña de verán.

Desde abril e ata xullo o persoal do teléfono en defensa do monte galego encárgase de facer chamamentos ás voluntarias e voluntarios que se apunten no programa de vixilancia. As primeiras convocatorias tiveron un gran éxito de resultados tanto en número de participantes como en resultados, xa que a presenza de persoas voluntarias no monte conseguiu disuadir a incendiarios e parar queimas ilegais, evitando incendios.

As labores de vixilancia comezaron no mes de abril, en doce zonas que foron habilitadas e deseñadas atendendo a datos facilitados pola consellaría de Medio Rural.

Cada zona posúe dous coordinadores altamente cualificados e coñecedores do terreo polo que se moven. Eles son os encargados de establecer os puntos de vixilancia estática e as rutas a percorrer para facer un seguimento máis dinámico. As xornadas de traballo dedícanse tamén a impartir sobre o terreo leccións de como distinguir tipos de fume que nos permita diferenciar entre queima e incendio, protocolos de actuación para dar avisos de incendios e outro tipo de formación complementaria.

Cada grupo posúe material como mapas, brúxulas, prismáticos, que permite unha visualización e identificación rápida do terreo. Ademais, as persoas voluntarias están cubertas cun seguro para incidencias que poidan acontecer. O material que se lles entrega a cada unha delas no lugar de encontro consta de mochila, gorra, chaleco identificativo, caderno, traxe de augas...

Todas estas labores que desenvolven as voluntarias e voluntarios veñen a complementar o traballo dos servizos profesionalizados como as brigadas forestais, é dicir que se trata dun servizo complementario e non substitutivo de ningún outro.

A Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade da Vicepresidencia da Xunta está poñendo moito empeño en que este tipo de proxectos se abran camiño, son necesarios para construír unha sociedade moderna, interesada polo seu contorno e respectuosa co medio.

* Xosé Ares é coordinador do voluntariado en defensa do monte galego, na Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade da Vicepresidencia da Xunta de Galicia.

900 400 800

TELÉFONO EN DEFENSA DO MONTE GALEGO

(Chamadas de balde)





voluntariado

**EN DEFENSA
DO MONTE GALEGO**

900 400 800

www.voluntariadomontegalego.org



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA
DA IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar
Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade

COLABORAN:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



EDUCAR SOBRE O TERREO

O obxectivo deste proxecto é traballar na escola sobre o territorio, para analizar os incendios forestais e o impacto humano no medio natural



A ORIXE DE POLO MONTE

Os incendios forestais están a ser dende hai máis de trinta anos un grave problema ambiental e un dos principais riscos que sufrimos en Galiza, pero agora semella que a percepción social deste vello problema estea a mudar. A alarma social xerada polos lumes do pasado verán pode ser vista como un punto de inflexión na conciencia dos cidadáns que ata este ano non se viron visualizados coa preocupación que o asunto require. Como non podía ser doutro xeito, a inquietude aflorou de contado na comunidade escolar, e moitos Centros de Ensino planificaron, dende o outono, actividades para achegar ás aulas a reflexión sobre os incendios e as súas consecuencias. O Proxecto de Innovación Educativa Polo Monte, xorde como unha iniciativa da Consellería de Educación nun intento de facilitar á aproximación do alumnado aos problemas do seu contorno. Polo Monte é só un dos moitos pasos cara ao cambio das mentalidades e conciencia da poboación sobre os problemas ambientais.

O ENFOQUE DO PROXECTO POLO MONTE

Polo Monte trata de promover na comunidade educativa unha reflexión crítica sobre os múltiples factores e valores relacionados coa ordenación do territorio, a conservación dos espazos naturais e as políticas de prevención de riscos, e en particular sobre os incendios forestais, coa pretensión de que o debate da escola irradie á sociedade. O Proxecto Polo Monte está orientado a estabilizar un sistema de traballo por proxectos nos centros de ensino que dea cobertura á reflexión global sobre as cuestións fundamentais implicadas na xestión do territorio. Intenta incidir naquello que, segundo a voz dos expertos e os movementos sociais, están na base da alta intencionalidade e da alta

combustibilidade que provocan os incendios.

A reflexión que se propón é de carácter global e proxéctase, ademais, sobre outros problemas ambientais vinculados ás mesmas actuacións sobre o territorio, como son as inundacións, a degradación da paisaxe e a falta dunha planificación urbanística respectuosa coa paisaxe cultural. En resumo, o marco teórico do proxecto é a xestión sostibel do territorio que inclúa a calidade ambiental e a sostibilidade económica e social do medio rural. Os 2/3 do territorio de Galiza son monte e nestes momentos estase a botar de menos unha cultura forestal e do territorio capaz de reducir a alta intencionalidade e combustibilidade dos montes. A carencia, así mesmo, dun consenso social sobre cómo xestionar o territorio xa é un motivo dabondo para fomentar o debate e a formación dos cidadáns nas múltiples cuestións que converxen - aspectos técnicos, ambientais e socioculturais-, e non pode quedar a escola fóra deste debate.

O Proxecto POLO MONTE pretende crear unha Rede de Grupos de Traballo que conforme un Observatorio do Territorio, no que traballa a comunidade escolar, que se forma, informa, e relaciona a través de internet. Ademais, a experiencia permite integrar a colaboración de grupos ecoloxistas e sociais. Os resultados fanse públicos a través da web.

SAÍR AO CAMPO, REFLEXIONAR E VALORAR O CONTORNO

Polo Monte propón como estratexia de aprendizaxe un proceso activo e reflexivo, que parte da acción local e vai graduando os niveis de reflexión dende a experiencia concreta -no lugar de cada quen- ata os niveis máis abstractos e globais, achegándose aos valores e ás cuestións sociais comprometidas na ordenación do territorio e na prevención de riscos. A idea que inspira o programa é a seguinte: "Só apreciamos e valoramos o que coñecemos, só coñece-

mos o medio cando paseamos, observamos e nos facemos preguntas buscando as respostas. Este é, pois, o método de traballo: sae o campo, observa, toma datos e busca información sobre o que pasa na proximidade, entende a complexidade das interaccións, valora o estado do lugar, avalía as pegadas das accións humanas, decide cal é a actuación mellor e actúa con responsabilidade no futuro".

A análise dos problemas ambientais ten que ser multidisciplinar polo que propoñemos a realización de traballos de campo para achegarse aos diversos elementos que teñen relación cos usos do solo e o impacto humano.

PROTOCOLOS UNIFICADOS E TRABALLO COMPARTIDO

A xestión sostibel do territorio debe considerar todos os elementos clave das unidades de xestión, sexan unidades paisaxísticas, espazos naturais, unidades de explotación agroforestais ou núcleos rurais. E para introducir a reflexión sobre estes asuntos no alumnado, propóñense, desde distintas perspectivas, unha serie de protocolos (19 protocolos unificados, Cadro I) que guían a realización de traballos de campo e que permiten ao alumnado achegarse á complexidade de factores que converxen na xestión que facemos do territorio.

Una serie de protocolos permiten aproximarse á biodiversidade e ás características do medio físico. Outra serie de protocolos traballa sobre a paisaxe, os usos actuais e pasados do solo e da xestión forestal en relación coa avaliación e prevención de riscos. Trátase de recoller imaxes, información sobre os recursos do monte e prácticas no pasado, traballando a paisaxe como unidade cultural para entender o territorio.

Os protocolos referidos aos temas propiamente forestais afondan máis no estudo dos recursos forestais, as prácticas de silvicultura e usos actuais do solo. E finalmente, os protocolos en que

a Historia e a lingua son as ferramentas para achegarse ao territorio. O pasado úsase como clave para entender o presente e a información toponímica axuda a detectar cambios nos usos e características do territorio.

Os protocolos unificados permiten comparar o traballo de grupos de distintas localidades, localizar problemas globais e así entender a complexidade e a dimensión da problemática que está en relación coa xestión do contorno e do territorio. Foméntase a participación e calquera profesor pode inscribirse cun grupo de alumnas e alumnos. O grupo selecciona como mínimo un protocolo e unha zona de estudo, organiza a mostra, realiza o traballo de campo e elabora un informe coas conclusións.

Os informes cos datos obtidos editanse na páxina web do proxecto para que os resultados organicen un banco de datos e información a modo de *Observatorio do Territorio*. Nos traballos pódense implicar as administracións locais, e outros grupos sociais como as Comunidades de Montes ou grupos ecoloxistas, con actividades relacionadas.

POLO MONTE NO 2007


A resposta da Comunidade escolar foi moi boa. Tras a convocatoria de xaneiro, 40 Centros e preto de 100 profesores e grupos de traballo inscribíronse en POLO MONTE.

Ademais non podemos deixar de suliñar a enorme cantidade de actividades e accións de recuperación emprendidas como iniciativas dende os mesmos Centros Escolares, e tamén as impulsadas por outros colectivos sociais. A Comunidade Escolar amosou unha conciencia, vitalidade e sensibilidade cara aos problemas sociais que dende estas liñas recoñecemos e celebramos. É esta resposta unha mostra da implicación de moitos docentes coa sociedade e cos obxectivos do Sistema Educativo. Chamamos a que se mantenga esa vitalidade, pois o cambio das conciencias e prácticas é un camiño lento que precisa de traballo a modo pero constante e que temos que facer entre todos e todas.

* Carmela García González é profesora de ensino secundario e responsable do Proxecto POLO MONTE da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Cadro I. Os protocolos do proxecto Polo Monte

1. Inventarios de vexetación e hábitats para achegarse á biodiversidade.
2. Cálculos de biodiversidade.
3. Índices de biodiversidade.
4. Medindo árbores.
5. Comparando biodiversidade: carballeiras e bosques caducifolios, eucaliptais e piñeirais, etc.
6. Mapas de vexetación
7. Os paxaros e o hábitat, a biodiversidade de hábitats e especie.
8. Os artrópodos da zona, como xeito de achegarse a un estudo de biodiversidade.
9. Realización dunha fototeca.
10. Avaliación da calidade da paisaxe.
11. Catálogos da paisaxe local.
12. Os solos, características e usos.
13. A auga e o territorio, os riscos de inundacións e os incendios.
14. Os incendios e a perda de biodiversidade.
15. O espazo forestal: vexetación dominante, especies acompañantes, medición, o medio físico, madeira morta, rexeneración; outros usos e prácticas, a influencia humana e os usos do solo.
16. Caracterización das masas forestais: especies, diámetros, alturas, auga, sendeiros, cortalumes, pistas, perímetros de protección, etc.
17. Usos do solo, estudo do territorio e prevención de riscos.
18. A historia dos usos do solo. Entrevistas aos veciños sobre a xestión tradicional do solo.
19. A microtoponimia dos montes e a historia dos usos do solo.



Distribución de Centros con grupos de traballo no Proxecto Polo Monte (Imaxe da web Polo Monte elaborada por Xesús García Otero)

POLO MONTE (Programa piloto 2007) O MONTE E O DESENVOLVEMENTO SOSTÍBEL



<http://www.edu.xunta.es/polomonte>

Nesta web pode consultarse a convocatoria, a descrición do proxecto, os protocolos de traballo en pdf, a lista de participantes, os resultados a partir de xuño, e outros recursos e enlaces.

Fotos: Xesús García

ALVARELLA: ECOTURISMO E EDUCACIÓN AMBIENTAL

Xurxo Gude Armas e Sabela García Abalo

Alvarella foi unha casa tradicional galega situada nunha finca de aproximadamente 55.000 m², que lle da o seu nome, dedicada fundamentalmente á actividades agrícolas. Co paso do tempo esas labores fóronse abandonando e os propietarios buscaron unha alternativa para a conservación da casa e da finca. Hoxe Alvarella é un albergue turístico rural que desenvolve diversas actividades e programas de educación ambiental.

ALVARELLA ECOTURISMO

Os inicios deste orixinal proxecto remóntanse ao ano 2.000 cando se crea a empresa Alvarella Ecoturismo S. L. que puxo en marcha a construción do albergue. Desde os seus comezos mantívose a idea de non dedicar so estas instalacións ao daquela florecente turismo rural, senón que a Educación Ambiental, a "educación non formal" destinada a grupos xuvenís, formase parte fundamental do traballo diario que se ía a realizar neste novo equipamento.


Alvarella sitúase na comarca do Eume, no lugar de Breanca (Doroña) dentro do Concello de Vilarmaior, e daquela participou no Plan de Desenvolvemento Turístico que contaba co apoio da Asociación Comarcal Euroeume, xestionando un Programa PRODER para o desenvolvemento rural e que xa nos seus obxectivos salientaba

un desenvolvemento turístico sostíbel. Tamén a crecente importancia da Educación Ambiental en Galiza naquel momento supuxo a primeira redacción dunha Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA), polo que Alvarella contou cunha boa referencia para que as actividades a desenvolver cumprisen uns claros obxectivos: criterios de calidade, tanto no plano educativo como na prestación de servizos, e coherencia ambiental no deseño do equipamento.

Con esta intención proxectouse que a propia instalación servira como modelo de desenvolvemento sostíbel e fose un recurso en si mesmo. Así a edificación incorpora solucións construtivas bioclimáticas no seu deseño, empregando materiais de bioconstrución, conta cunha instalación solar térmica para o queceamento de auga para uso sanitario e apoio á calefacción por chan radiante e climatización da piscina.

A canalización e tratamento diferenciado de augas grises e negras, cunha depuradora aerobia de oxidación total, e a recollida selectiva de lixo e compostaxe son outras das moitas características biosostíbeis deste equipamento que demostran a súa orixinalidade e achegan algún dos elementos que resultan máis innovadores.

Os visitantes de Alvarella observan o funcionamento e coñecen alternativas relacionadas cunha forma de vida máis sostíbel, diferente á vida habitual que diariamente está a provocar tantos problemas no medio que nos rodea. Decátanse da importancia do aforro da auga ou da necesidade de controlar o consumo eléctrico. Comproban directamente, nas súas habitacións, o funcionamento da enerxía solar para o queceamento da auga da ducha e calefacción. Observan como unha parte da electricidade consumida se produce no propio





Instalacións solares (térmica e fotovoltaica) e miniaeroxenerador




Breanca. Doroña s/n
15637 Vilamaior A Coruña
Tif/Fax: (34) 981 784563
info@alvarella

equipamento. Participan na reciclaxe, separando os recipientes de vidro, plásticos, papel, etc, e na reciclaxe dos nutrientes, coa conversión en humus, mediante vermicompostaxe, dos residuos orgánicos producidos e a súa reutilización no horto ecolóxico.

PROGRAMA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

O papel da Educación Ambiental para conseguir que as persoas comprendan, valoren e influan de maneira positiva no seu propio ambiente é fundamental, por iso no proxecto educativo de Alvarella recóllese un abano de recursos do contorno de Alvarella, utilizados para estudar en profundidade diversos temas (a auga, a enerxía, os residuos, o Patrimonio Natural e Cultural,...). Neste proxecto demos preferencia nos contidos ao estudo dos lugares e ecosistemas locais, en especial o Parque Natural das Fragas do Eume, e os seus problemas, con actividades que facilitan a consecución dos obxectivos que perseguimos, buscando un cambio nas persoas cara actitudes máis respectuosas co medio ambiente.

Alvarella é un lugar de aloxamento aberto durante o ano a todo tipo de público, polo que tentamos ofrecer información sobre distintas actividades, e elaboramos material didáctico e informativo propio para uso dos visitantes. Este programa de actividades, co necesario apoio de tipo teórico, insiste moito na práctica, xa que a mellor maneira de aprender as cousas é facéndoas. As técnicas utilizadas no proxecto son moi diversas, entre elas cabe destacar: charlas ou sesións expositivas, itinerarios guiados e autoguiados, actividades de observación e percepción do medio mediante a utilización dos sentidos, obradoiros, xogos, etc. Aínda que sabemos que existen dificultades para a avaliación das actividades no campo da Educación Ambiental non formal, xa que os procesos soen ser moi curtos e o con-

tacto coas persoas participantes son esporádicos, en Alvarella realizamos unha pequena enquisa a tódolos participantes, unha vez que esta remata, para coñecer-las súas impresións acerca de diversos aspectos e desta maneira poder, pouco a pouco, mellorar a calidade do noso traballo educativo.


Na última memoria de actividades comprobamos que ao longo do ano 2006 visitaron Alvarella 77 grupos, dos que 50 pertencían ao ámbito escolar (Infantil, Primaria e Secundaria) e 27 foron grupos doutras características (entidades, asociacións e grupos de turismo en xeral...). Se ben as perspectivas de futuro parecen boas, convén recordar a marcada estacionalidade neste tipo de actividades para os equipamentos de Educación Ambiental o que introduce importantes dificultades á hora de estabilizar os equipos humanos.

NOVOS ESPAZOS E NOVOS PROXECTOS

Apostamos nos últimos anos por crear novos espazos de traballo co fin de reforzar o proxecto empresarial e as

actividades educativas. Participamos en congresos (Murcia, Valladolid, Santiago, Lisboa), organizamos campamentos de verán, participamos en diferentes proxectos (Proxecto Terra, Proxecto Ríos, Axenda 21 Local) e promovemos entre os Concellos e diversas asociacións da comarca distintas xornadas con programas de temática ambiental (consumo, reciclaxe, enerxías, etc.). No momento en que escribimos este artigo, estanse ampliando as instalacións coa colocación dun pequeno aeroxenerador eólico e unha instalación solar fotovoltaica que aporten a enerxía eléctrica necesaria para o alumado exterior. Este novo recurso é importante tanto para o funcionamento interno do noso equipamento e ao mesmo tempo serve de exemplo real do uso das distintas enerxías renovábeis e alternativas.

A nosa intención é a de continuar no futuro ampliando a nosa oferta de actividades, presentando novas propostas que contribúan á importancia da educación ambiental e o compromiso ecolóxico no seo da sociedade.



Web de Alvarella: <http://www.alvarella.com/>

TRANSPORTE E MOBILIDADE SUSTENTÁBEIS

Ramsés Pérez

O transporte de mercadorías e persoas non para de incrementarse no mundo globalizado, cunhas consecuencias cada vez máis perceptíbeis xerando serios problemas ambientais: emisións de gases de efecto invernadoiro, contaminación atmosférica, ruídos, etc. As repercusións inciden sobre o medio e a nosa saúde: problemas de asma, estres e un elevado e crecente número de accidentes mortais. Polo medio e por nós, compre levarmos o planeta polo carreiro da mobilidade sustentábel.

UN MUNDO DE COCHES

A mobilidade nos países europeos xera problemas de contaminación e congestión, e o transporte mostra na actualidade un incremento de emisións de gases de efecto invernadoiro maior que o de calquera outra fonte. As infraestruturas causan a segmentación e compartimentación do territorio e como consecuencia temos unha fragmentación insalvável para moitas especies, e tamén consecuencias psicolóxicas negativas para as persoas.

O parque de vehículos no estado español pasou de 19 millóns e medio de finais de 1996 aos 26 millóns de unidades ao final de 2004; o aumento de sete millóns (coches, motos, furgonetas, etc) é un dato moi preocupante, xa que o tráfico parece que vai seguir aumentando, especialmente por estrada e vía aérea.

Galiza non é allea a esta situación, todo o contrario, os galegos e as galegas somos os que máis empregamos o coche entre todos os europeos e polo tanto os que menos empregamos o transporte público¹: en Galiza empregamos o coche para o 58% dos desprazamentos curtos en días laborábeis, cifra que se incrementa ate o 72% nos fins de semana. O uso do transporte público cae ao 6,8% e ao 2,5% en días laborábeis e fin de semana respectivamente.

Unha mala rede de transporte público unido a un mal servizo incrementan o problema. Como a pescada que se morde a cola, esta situación leva a que cada vez máis persoas empreguen o coche e o colapso aumente, precisándose a construción de máis infraestruturas e aparcadoiros que rapidamente se colapsan, e de novo demandamos novas construcións... A consecuencia é que nos pasamos a vida en atascos, e aínda que eufemisticamente as denominemos "retencións" non evitan que a velocidade media dos coches non supere os 15 km/h. O 10%

dos desprazamentos dentro das cidades non superan os 500 m., distancia que se pode facer perfectamente a pé ou en bici.

Por medios de transporte, o coche e a motocicleta abrangue o 68% dos desprazamentos, o 22% fanse en bicicleta ou a pé e un 7% en bus. Unha das causas desta situación débese a falta de alternativas ao coche, o 61% da poboación galega non ten dispoñibilidade de servizo algún de autobús urbano (no Estado español esta cifra cae ao 31%).

Outra das causas é o modelo que se está a seguir na ordenación do territorio, unha ordenación que precisamente o que fai é desordenar e desestruturar, cunhas repercusións ambientais e sociais sen precedentes na historia de Galiza. O modelo territorial desestruturado precisa ser redimensionado e basearse na integración das relacións e funcións das vilas as cidades e as aldeas.

O modelo de mobilidade de hoxe en día, lonxe de ser liberador como predica a industria automobilística, é socialmente inxusto e insustentábel. Un modelo baseado no coche deixa fora de xogo a nenos, anciáns e familias de renda baixa e discapacitados.

ALTERNATIVAS, A BICI A PE E EN BUS

A solución ao problema da mobilidade non é doada e a actitude infantil das administracións ao non querer asumir a cuestión o aínda a complican máis. Precisamos e demandamos unha política integral que incida nos diferentes aspectos implicados, desde os intereses da industria do automóbil e da construción de infraestruturas, ate os valores culturais e a ordenación do territorio, etc. Precísanse políticas que favorezan a accesibilidade en detrimento da mobilidade.

Facer fronte a esta situación pasa por acometer cambios estruturais valen-

tes e decididos na ordenación territorial, no uso do solo e na mellora do sistema de transportes. Nesta liña haberá que desvincular de maneira significativa o crecemento do transporte co crecemento do PIB, como se ten apuntado dende a Estratexia da UE para o Desenvolvemento Sustentábel. Transferir boa parte do transporte por estrada ao transporte por ferrocarril e por barco, e do transporte en vehículo privado ao transporte público de pasaxeiros é outra das liñas nas que traballar.

A ordenación do espazo a ocupar por vivendas, empresas, sector servizos, explotacións agropecuarias, etc, é fundamental; no canto de promover un territorio expandido e segregado hai que primar un modelo urbano e rural que favoreza a multifuncionalidade dos espazos e non nos faga escravos do coche para desprazarnos.

¹ Estes son algúns datos apuntados polo estudo realizado polos profesores da Universidade da Coruña, Fernando González Laxe, Federico Martín Palmero e Fernanda Miguélez Pose, *Desarrollo sostenible y movilidad de las personas en distancias cortas: un análisis comparado de Galicia y Europa*.



INICIATIVAS

- **Masa crítica:** A Masa Crítica é unha "coincidencia organizada" de ciclistas que realizan un paseo colectivo pola cidade. En Galiza celébranse Masas Críticas en Vigo, Compostela e Coruña.

+ info en www.bicis.info.

- **Roteirrios:** Roteirrios é un programa de itinerarios organizado polo Proxecto Ríos que pretende unir ríos e persoas. Con esta iniciativa o proxecto tenta achegar a cidadanía aos cursos fluviais nun ambiente lúdico así como dar a coñecer o patrimonio fluvial, empregando medios de transporte sustentábeis (en bus, a pé, en bici e piragua).

+ info: www.proxectorios.org.



Ramsés Pérez

ALGUNHAS CIFRAS

- 4 coches ocupan unha media de 16 m² de calzada, os seus condutores soamente 2 m² (só o 12%!).
- O espazo urbano que ocupan os viandantes e o transporte público é 100 veces inferior ao que empregan o coche e o seu aparcamento.
- Os desprazamentos en bici na UE suman 70 billóns de km. Quen que máis a usan son os países baixos con 1.020 km por habitante e ano; a media no Estado español é de só 24 km.
- A bicicleta é un medio de transporte máis rápido que o coche, se se calcula o percorrido de porta a porta.

Fonte: *La mobilitat sostenible (Versió actualizada)*. BCN

DECISIÓNS PERSOAIS PARA # UNHA MOBILIDADE SUSTENTÁBEL

- Pensa antes de desprazarte cales son os medios dos que dispós e calcula as vantaxes e inconvenientes (económicas, sociais, ambientais, etc). Igual te levas algunha sorpresa.
- Pensa que coa bici ou indo a pé podes evitar atascos, e o aparcamento é máis fácil; ao final aforras tempo e cartos.
- Para desprazamentos medios e logos emprega o transporte público, bus ou tren. Aforran combustible, contaminan menos, aforran espazo e podes ir lendo, falando, etc.
- Demanda unha mobilidade sustentábel ao teu concello e á Xunta. A accesibilidade é unha cuestión que implica a toda a sociedade. Demanda igualmente carrís bici útiles que comuniquen e non sexan só pista para pasear os domingos e gañar uns votos.
- Únete a outros grupos e asociacións e demanda un pacto pola mobilidade na túa comarca.
- Recorda o eslogan "quen move as pernas move o corazón", camiñar e usar a bici é ecolóxico pero tamén é saudábel.
- Se non dispós de alternativa e tes que coller o coche tenta partillalo (poderás reducir gastos) e conduce de maneira responsábel co medio ambiente e cos teus semellantes. Unha conducción brusca e a velocidades altas consume máis e incrementa as emisións de CO₂.



Ramsés Pérez

Librarías nas que se distribue Cerna, entre outras:

- Ames (Mainomen)
- Barcelona (Sargadelos)
- O Barco (Sargadelos)
- Boiro (Fábulas, Cucadas)
- Bueu (Miranda)
- Cambre (A Libreira)
- Cangas (Maraxe, Vilafer)
- Carballo (Brañas)
- Cee (Trazos)
- Cervo (Sargadelos)
- A Coruña (Couceiro, Inoa, Colon, Lume, Sisargas, Arenas)
- A Estrada (Alberte Quiñoi)
- Ferrol (Sargadelos, Limiar, Campus)
- Gondomar (Libraida)
- A Guarda (Cervantes)
- A Laracha (Pondal)
- Lugo (Biblos, Trama, Aguirre)
- Muros (Sementeira)



- Narón (Galicia)
- Noia (Loroño Lasiana, Sementeira, A Rosa)
- O Grove (Besada)
- Ourense (Torga, O Pobo-Dous, La Region, Tanco)
- Padrón (Pensamentos, Sar)

- Pontearcas (Nova, Milfollas)
- Pontevedra (Paz, Michelena, Escolma, Verbas)
- Porriño (Paz)
- Sada (Cento Voando, Sargadelos)
- Santiago: Universitas, Couceiro, Pedreira, A Palavra Perduda, Gallaecia Liber, Sargadelos, Abraxas, Follas Novas
- Sarria (Galicia)
- Silleda (Pili)
- Vilagarcía (Arousa, Limiar)
- Viveiro (Porta Da Vila)
- Teo (O Trasnó Viaxeiro)
- Tui (Iris)
- Vigo (Cervantes, Librouro, Cartabon, Mendinho, Casa do Libro, Anel, A Libroteca)
- Vimianzo (Roget)
- Xinzo (Vidal)
- Zás-Baio (Trazos)



ADEGA + TI

SÚMATE Á DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA

ADEGA,
a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza,
pretende a conservación
e rexeneración do medio
e o desenvolvemento sustentábel.

Para conseguilo denuncia os ataques a que se ve sometido,
aconsella sobre as actuacións máis adecuadas,
ensina como é Galiza, a súa natureza e a súa xente,
amosa que outra vida máis respectuosa co ambiente pode ser vivida



Nome e Apelidos: _____

NIF: _____ Data de Nacemento: _____ Teléfono: _____

Enderezo: _____ Localidade: _____ CP: _____

Provincia: _____ Profesión: _____ Correo electrónico: _____

Modalidade de Inscripción (Inclúe a subscrición gratuíta á revista Cerna):
 ___ Normal 48 euros/ano
 ___ Xuvenil ou parado/a 24 euros/ano
 ___ Superior 78 euros/ano

Subscripción:
 ___ Revista Cerna (trimestral) 10€/ano
 ___ ADEGA Cadernos 4€/número (desconto do 50% a soci@s)

Domiciliación: Titular da Conta: _____ Banco ou Caixa: _____

Sucursal: _____ Conta Número: _____ / _____ / _____ / _____

Prego que ata nova orde fagan efectivos á Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, con cargo a miña conta, os recibos que ao meu nome lles presente a devandita asociación

Data: _____ Sinatura: _____



Adeus pillara papuda, benvida Bandeira Azul (17/07/07)

A praia da Corna, entre O Caramiñal e Ribeira, é o campo de dunas mellor conservado do norte da ría de Arousa. Unha recente "limpeza" con maquinaria pesada estragou a niñada da única parella de pillara papuda deste contorno...



O novo Plano Sectorial suporá a contaminación descontrolada da costa (03/07/07)

ADEGA ten denunciado en múltiples ocasións a contaminación das macropiscifactorías instaladas en Galiza, polo que anima aos veciños afectados que se informen sobre os seus impactos...



Basta xa de agresións ao río Xallas! (15/07/07)

A Xunta autorizou a Ferroatlántica un novo aproveitamento hidroeléctrico no Xallas. Deste xeito poderían ser 8 centrais e 4 encoros nun treito de só 9 km de río. De que vale a Lei de 2006 en defensa dos ríos?...

ADEGA organiza unha concentración no Grove co lema "Alto á barbarie do tiro ao pombiño no Taxo" (14/07/07) para denunciar o masacre de 30.000 pombiños e solicitar a suspensión desta actividade, xunto con outros colectivos ecoloxistas (04/07/07)... unha manifestación en Carnota contra a ampliación da piscifactoría de Quilmas (21/07/07)... a **Semana Ecoloxista (27/07/07) en Carranzo (Ferrol)**...

ADEGA propón no **Consello Galego de Medio Ambiente** (11/07/07) que a Ría de Ferrol forme parte do **Convenio OSPAR**... a elaboración dun Plano de Continxencia contra as riadas... **unha taxa para as bolsas de plástico**...

ADEGA reclama a Medio Ambiente que aplique coa canteira "La Campa" a mesma actitude de oposición á licitación que tivo con outras **28 solicitudes de concesións mineiras en O Courel** (12/07/07) polo seu impacto ambiental e a súa situación de ilegalidade...

Suave. Cremoso. Nutritivo.

Queixo Arzúa-Ulloa

O tradicional queixo galego



Certificado pola
Denominación de Orixe



www.arzua-ulloa.org
queixo@arzua-ulloa.org
Tfno. e fax: 981 50 76 53



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Nova mocidade emprendedora

Nova sabedoría do rural

Hai moito máis que innovación, produción e calidade.
Hai moito máis que boas oportunidades para a
mocidade que elixe traballar no novo rural.
Hai outra filosofía de vida.... unha nova sabedoría.

E ti... se sempre volves ao rural ...

Por que non ficas a traballar nel?



novas axudas
á incorporación da mocidade á
actividade agraria
e mellora das explotacións

<http://mediorural.xunta.es>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



medio rural

Infórmate e establécete no rural.